



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO
LOCAL CELEBRADA O DÍA 15 DE ABRIL DE 2013.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **CATORCE HORAS** do luns día **QUINCE DE ABRIL DE DOUS MIL TRECE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D^a. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia do tenente de Alcalde **D^o MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e os concelleiros **D^o ANTONIO COUSO ÁLVAREZ**, **D^o KLAUS BREY MONTAÑA** e do Secretario acctal (Decreto 05.04.13) da Corporación **DON DAVID GARCIA LAREO**, que suscribe e da fe.

NON ASISTE: a concelleira **D^a DOLORES GARCÍA TROITIÑO**
Interventora do Concello

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1.- **APROBACIÓN DE ACTAS ANTERIORES:**
 - Acta da sesión ordinaria de 21 de febreiro de 2013
 - Acta da sesión ordinaria-urxente de 14 de marzo de 2013
 - Acta da sesión extraordinaria-urxente de 22 de marzo de 2013
- 2.- **PLAN PROVINCIAL DE FOMENTO DE EMPREGO 2013.**
- 3.- **INFORME SOBRE AS LICENZAS SOLICITADAS ANTES DA SUSPENSIÓN DE LICENCIAS POR APROBACIÓN INICIAL DO PLANEAMENTO.**
- 4.- **URBANISMO**
- 5.- **EXPEDIENTES DO SAF NOS PROGRAMAS DE DEPENDENCIA**
- 6.- **ACTA DE COMPROBACIÓN DO PROXECTO "INSTALACIÓN DO SISTEMA DE SEGURIDADE E VIXIANCIA: CÁMARAS DE VIXIANCIA" NO PARQUE EMPRESARIA ÁREA 33-SILLED.**
- 7.- **ESCRITO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA EN RELACIÓN Á ADXUDICACIÓN DE BOLSAS DE PRÁCTICA LABORAL DE TÉCNICOS SUPERIORES DE TURISMO CON DESTINO ÁS OFICINAS DE TURISMO MUNICIPAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA.**
- 8.- **ESCRITO DE D^o JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ.**

- 1^o.- **APROBACIÓN DE ACTAS ANTERIORES:**
 - Acta da sesión ordinaria de 21 de febreiro de 2013
 - Acta da sesión ordinaria-urxente de 14 de marzo de 2013
 - Acta da sesión extraordinaria-urxente de 22 de marzo de 2013

Preséntanse para aprobación estas actas:

- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria de 21 de febreiro de 2013.
- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria-urxente de 14 de marzo de 2013
- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión extraordinaria-urxente de 22 de marzo de 2013

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda prestar aprobación as seguintes actas da Xunta de Goberno Local:

- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria de 21 de febreiro de 2013.
- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria-urxente de 14 de marzo de 2013
- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión extraordinaria-urxente de 22 de marzo de 2013

2º.- PLAN PROVINCIAL DE FOMENTO DE EMPREGO 2013.

Pola Alcaldesa dase conta do expediente confeccionado, en relación as bases reguladoras da concesión de axudas e subvencións para a execución do Plan Provincial de Emprego 2013, da Deputación Provincial de Pontevedra, (B.O.P. nº 68 de 9 de abril de 2013), mediante o cal solicítase participar no Plan Provincial de Emprego 2013 para levar a cabo a obra ou servizo que se determina a continuación, mediante a contratación de 12 traballadores desempregados non perceptores de prestacións, subvencionado ó 100% por este Plan de Emprego e con data de inicio 01 de xuño de 2013:

Obra ou servizo para desenvolver	
Nº traballadores	Programa
2 peóns da construción	Restauración de Centros e Edificios públicos
2 peóns de pintor	Reparación de mobiliario urbano
4 peóns de limpeza viaria (Varrendeiros)	Limpeza de viais



2 peóns de xardinería	Acondicionamento de Áreas Recreativas
2 peóns de traballos forestais	Sinalización e limpeza de sendeiros e áreas turísticas.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda** prestar aprobación a esta solicitude.

3º.- INFORME SOBRE AS LICENZAS SOLICITADAS ANTES DA SUSPENSIÓN DE LICENCIAS POR APROBACIÓN INICIAL DO PLANEAMENTO.

Pola Alcaldesa dase conta do informe emitido por Juan Carlos Peteiro Rodríguez, de data 08 de abril de 2013, sobre as licenzas solicitadas antes da suspensión de licenzas por aprobación do planeamento, e que transcríbese a continuación:

"INFORME SOBRE AS LICENZAS SOLICITADAS ANTES DA SUSPENSIÓN DE LICENZAS POR APROBACIÓN INICIAL DO PLANEAMENTO

Na doutrina da sentenza de 30 de maio de 1997, precisouse xa, de acordo co decidido nas sentenzas do 15 de abril de 1988, 2 de febreiro de 1989, 16 de maio de 1990 e a 22 de xaneiro de 1992, cal é o alcance exacto da medida de suspensión do outorgamento de licenzas prevista nos artigos 27 do TRLS e no artigo 8 do Real Decreto Lei 16/1981, do 16 outubro.

Trátase, como dixo a expresada sentenza, dunha medida cautelar encamiñada a asegurar a efectividade dun planeamento futuro; trata de impedir que se produzan aproveitamentos do solo que, pese a ser conformes coa ordenación en vigor vaian a dificultar a realización efectiva dun Plan novo, evitando así que este naza con dificultades que poidan frustrar a súa execución.

De acordo con tal finalidade, os efectos da suspensión han de ser a non tramitación nin resolución de ningunha solicitude de licenza de parcelación de terreos ou edificación mentres subsista a medida cautelar, quedando afectadas por iso non só as peticións formuladas logo da publicación da suspensión senón tamén as anteriores. O artigo 121,1 do Regulamento de Planeamento, aprobado por Real Decreto 2.159/1978, do 23 xuño, dispón expresamente a interrupción do procedemento para as solicitudes de licenzas formuladas con anterioridade á data da adopción da medida. Esta extensión dos efectos da suspensión é a que demanda

o interese público, como declara a sentenza do 15 abril de 1988.

Considera a doutrina xurisprudencial que a garantía do interesado obriga, no entanto, a modular as consecuencias desta solución, interpretando sistematicamente o ordenamento xurídico e poñendo en relación o art. 121,1 do Rgto. de Planeamento co art. 9 do Rgto. de Servizos das Corporacións Locais e, en concreto, coa regulación que este contén sobre o silencio positivo en materia de licenzas, ao que hai que engadir actualmente a entrada en vigor do Real Decreto Lei 8/2011, do 1 de xullo, de medidas diversas sobre debedores hipotecarios, débedas das entidades locais, fomento da actividade empresarial e simplificación administrativa, que puxo fin ao tradicional silencio positivo en materia de licenzas urbanísticas.

*De acordo con iso faise necesario excluír dos efectos do Art. 121,1 do Regulamento de Planeamento os casos en que no momento da publicación da suspensión transcorra xa o lapso de tempo necesario para o que anteriormente puidese producir o silencio administrativo positivo, dado que a suspensión en cuestión non ten virtualidade suficiente para revogar actos declarativos de dereitos. **Tamén han de excluírse da suspensión, aínda que non se formulara denuncia de mora polo interesado, os casos nos que a Administración retraso use indebidamente na súa obriga de resolver en forma expresa (artigo 219 do TRLS de 1976) sobre solicitudes que non sexan contrarias á lei ou ao Planeamento (art. 178,3 do mesmo TRLS). Tratándose de obras maiores (arts. 9,1, apartados 5º e 7º do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais do 17 de xuño de 1955) o prazo de retraso necesario para apreciar tal efecto é de 3 meses.***

En consecuencia, haberemos de concluir dicindo que o transcurso do prazo de 3 meses fai inaplicable o efecto de suspensión do artigo 121,1 do Regulamento de Planeamento, estando obrigado o Concello de Silleda a resolver en forma expresa sobre as solicitudes de licenza de obras anteriores ao día 15 de Outubro de 2012, xa que a publicación da suspensión de licenzas no DOG, é de data 16 de Xaneiro de 2013.”

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste informe.

4º.- URBANISMO.

4.1.- Licencia de Actividade: José Lamazares López.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes acorda:**



Licencia Nº 883/11 Visto o expediente instruído a instancia de JOSÉ LAMAZARES LÓPEZ, solicitando Licencia para ampliación de explotación de vacún, a situar nas fincas nº 975 e 1012 do plano de concentración parcelaria de Laro-Parada, no lugar de Barro, parroquia de Parada (Silleda)

Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 01 de setembro de 2011 acorda:

"3.1.1.- Licencia Nº 883/11. Visto o expediente instruído a instancia de Dº JOSÉ LAMAZARES LÓPEZ, solicitando licencia para ampliación de explotación de vacún, a situar nas fincas nº 975 e 1012 do plano de concentración parcelaria de Laro-Parada, no lugar de Barro, parroquia de Parada (Silleda), segundo proxecto técnico asinado polo enxeñeiro técnico agrícola Dº Francisco Pérez Donsión, e visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de A Coruña-Pontevedra en data 30 de marzo de 2011 e dirección de obra, inspección e vixilancia, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de A Coruña-Pontevedra en data 30 de marzo de 2011.

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta.

RESULTANDO: Que con data 30 de agosto de 2011 emítese informe xurídico e que con data 24 de agosto de 2011, polo Arquitecto Técnico Municipal emítese informe no que se sinala:

"1º-Consta 1 COPIA DEL "PROYECTO DE AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN DE VACÚN", suscrito por el Ingeniero Técnico Agrícola D. Francisco Pérez Donsión y visado por el Colegio Oficial en fecha 30/03/11 y en su MEMORIA DESCRIPTIVA, consta lo siguiente:

"1.2- INFORMACIÓN PREVIA.

1.2.1.- SITUACIÓN DE PARTIDA.

Redáctase o presente proxecto técnico de execución co obxecto de servir de base para a AMPLIACIÓN dunha EXPLOTACIÓN DE VACÚN co fin de obter a perceptiva licenza de obra e actividade para dita intervención e así mellorar e modernizar as estruturas de produción da explotación agrogandeira.

Proxéctase a construción dos edificios e a dotación dos servizos necesarios para o normal e correcto funcionamento da explotación dende os puntos de vista produtivo e zoosanitario.. O solicitante é titular dunha explotación de vacún con CEA: ES360520127001, formada por un establo de vacún e instalacións complementarias que se emprazan na mesma parcela onde se pretende levar a cabo a ampliación, obxecto deste proxecto.

As citadas construcións que se emprazan na mesma parcela onde se pretende levar a cabo a ampliación, contan con licenza municipal otorgada polo concello de Silleda con data 24 de xaneiro de 2003, a nome do promotor.

Para levar a cabo as obras o promotor solicitou unha axuda para a mellora da eficacia e sustentabilidade das explotacións agrarias e para a incorporación de novos efectivos agrarios (Orde da Consellería de Medio Rural do 29/12/2010).

1.2.2.- CONSTRUCCIÓN EXISTENTES:

As construcións existentes na parcela son:

EXPLOTACIÓN DE VACÚN (datos da licenza das obras):

ELEMENTO	SUPERFICIE	VOLUMEN
CORTES (h=4,55 m)	618,12 m ²	2.812,44 m ³
ANEXOS (h=2,65 m)	192,70 m ²	510,65 m ³
TOTAL	810,83 m ²	3.323,09 m ³

As construcións existentes na finca, antes da intervención obxecto desta memoria, ocupan unha superficie de 810,83 m².

Preténdese a ampliación da explotación de vacún que consistirá en:

- Construción dunha nave, anexa o establo polo vento leste, adicada a almacén de maquinaria.*
- Construción dunha nave, anexa o establo polo vento sur, adicada parte a establo e parte a silo forraxeiro.*
- Pavimentación dunha zona a carón do establo existente, ata o linde da parcela polo vento oeste da parcela (90 m²), e outra pequena zona diante do almacén de maquinaria a construír (48 m²) a base de formigón en masa. "*

2º- CONSTA, Certificación de Secretaría del Concello, de fecha: vinte de maio de dous mil once, de non habendo presentado reclamacións contra o mesmo.

3º- CONSTA, escrito con ANEXO O PROXECTO DE AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN DE VACÚN con:

Fecha de Entrada: 19-Agosto-2011

Núm.: 3.482

4º- A los efectos de AVALIACIÓN DE INCIDENCIA AMBIENTAL, en el citado Proyecto, consta:

"As actividades agropecuarias desenvolvidas nas construcións e



instalacións previstas na disposición transitoria undécima da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, estarán suxeitas ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental só cando acometan unha modificación substancial. A intervención que nos ocupa non estaría suxeita ó procedemento de avaliación de incidencia ambiental, posto que a intervención que se pretende non supón unha modificación da actividade:

- Non se produce un aumento no número de cabezas de animais da explotación de máis do 50% (actualmente conta cunha carga gandeira de 53 UGM's, e preténdese a ampliación da carga gandeira en 11 UGMs, por tanto, un incremento do 20%).

- Non hai un aumento de máis do 50% no emprego de materias primas, nin de auga nin de electricidade, xa que nin o número de animais nin a capacidade produtiva se incrementan en máis da citada porcentaxe.

- Non se incrementan as emisións de contaminantes atmosféricos nin existe vertedura de augas residuais en máis do 50%.

- Non existe produción de residuos ou substancias perigosas, maior do 50%.

5º- Consta oficio de dirección, inspección y vigilancia de las obras, visado por el Colegio correspondiente, en fecha 30/03/11.

Por todo ello, desde el punto de vista del Técnico que suscribe, no se aprecia inconveniente técnico y se estima INFORME URBANÍSTICO FAVORABLE."

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescripcións legais.

*De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade, CONDICIONADA** esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que no seu informe, sinala o Arquitecto Técnico Municipal, non podendo comenzar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se*

especifique a conformidade das mesmas cos termos desta licencia; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal."

Vista a Acta de comprobación para o exercicio de actividades clasificadas, de data 09 de abril de 2013, asinada polo Arquitecto Técnico Municipal, José Antonio Presas Ferreiro e o titular da actividade, José Lamazares López, que literalmente dí:

"ACTA DE COMPROBACIÓN PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES CLASIFICADAS

Actividade: *"Ampliación de explotación de vacún, nas fincas 975 e 1012 do plano de concentración parcelaria de Laro-Parada, no lugar de Barro, parroquia de Parada (Silleda)".*

Certificación *Consta CERTIFICADO FINAL DE OBRA (visada en data 17 de xaneiro de 2013 co número 22/13Po) do Enxeñeiro Técnico Agrícola don Francisco Pérez Donsión, de data 14 de xaneiro de 2013, e con ENTRADA: Concello de SILLEDA:*

Data: 22 de xaneiro de 2013

Núm. de rexistro: 321

Titular da actividade: *Don JOSÉ LAMAZARES LÓPEZ.*

No termo municipal de SILLEDA, parroquia de Parada, no lugar de Barro, persónase ás 12:00 horas do día 6 de marzo de 2013, o Técnico don José Antonio Presas Ferreiro, Arquitecto Técnico Municipal, atopándose nese lugar en presenza de don José Lamazares López, provisto do D.N.I. nº 52.483.062-Y, e efectúan a visita de comprobación demandada polo interesado en data 22 de xaneiro de 2013 e referida á licencia municipal número 883/11 de data según acordo da Xunta de Goberno Local deste Concello do día 1 de setembro de 2011.

Procédese, en primeiro lugar, a comprobar si o emprazamento se axusta ao proxecto aprobado, constando Certificado Final de Obra refrexado anteriormente.

A continuación examínase si se adoptaron tódalas medidas correctoras impostas na licenza e constátase visualmente que as medidas correctoras foron adoptadas.

De todo isto resulta que si pode iniciarse a actividade de "ampliación de explotación de vacún, nas fincas 975 e 1012 do plano de concentración parcelaria de Laro-Parada, no lugar de Barro, parroquia de Parada (Silleda)."



A Xunta de Goberno Local segundo o contido da Acta de comprobación e o acordo da Xunta de Goberno Local do 1 de setembro de 2011 acorda: a concesión de licencia de actividade definitiva a JOSÉ LAMAZARES LÓPEZ, para ampliación de explotación de vacún, nas fincas 975 e 1012 do plano de concentración parcelaria de Laro-Parada, no lugar de Barro, parroquia de Parada (Silleda).

4.2.- Licencia de Actividade: Luis Vinseiro Villar.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes acorda:**

Licencia N° 2463/05. Visto o expediente instruído a instancia de LUIS VINSEIRO VILLAR, solicitando Licencia para construción dunha fosa de xurro na finca n° 104, polígono 3, do plano de concentración parcelaria de Escuadro-Rellas, para explotación de gando porcino, situada nas fincas n° 110 e 111, polígono 3, do mesmo plano de concentración, nas proximidades do lugar de Sestelo, parroquia de Escuadro (Silleda)

Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 26 de novembro de 2007 acorda:

"5.2.1.- Licencia N° 2463/05. Visto o expediente instruído a instancia de D° LUIS VINSEIRO VILLAR, solicitando Licencia para construción dunha fosa de xurro na finca n° 104, polígono 3, do plano de concentración parcelaria de Escuadro-Rellas, para explotación de gando porcino, situada nas fincas n° 10 e 111, polígono 3, do mesmo plano de concentración, nas proximidades do lugar de Sestelo, parroquia de Escuadro (Silleda).

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e da Corporación Municipal.

RESULTANDO: Que elevado á Comisión Provincial de Medio Ambiente, este Organismo, con data 12 de novembro de 2007, (Rexistro de Entrada n° 7391, de data 19 de novembro de 2007) informa en sentido favorable, calificando dita actividade como Molesta, Insalubre e Nociva, CD. 012-43, e dende o punto de vista ambiental, condiciónase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) O cumprimento das Medidas Correctoras propostas en planos e memoria.*
- b) A que o emprazamento sexa o sinalado no proxecto.*
- c) Ó cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.*
- d) As fosas deberán ser estancas e en ningún momento poderán existir*

vertidos directos ao medio natural. Previa á licenza de actividade aportará un certificado polo técnico responsable que acredite a estanqueidade e impermeabilidade.

- No se utilizará a fosa de cadáveres. Segundo o Regulamento Ce 1774/2002, prohíbese o enterramento de animais mortos, só se permitirá a súa eliminación ou transformación baixo condicións que determina este Regulamento.

- Tódalas instalacións cumprirán os requisitos establecidos no RD 1135/2002, de 31 de outubro, relativo ás normas mínimas para a protección de porcos.

- A auga de abastecemento procedente de pozo, contará cun sistema de cloración permanente que garanta a potabilidade da auga de consumo, haberá de proceder a súa inscrición perante o organismo de augas de Galicia.

- Os residuos que se xeren durante a actividade se xestionarán con xestores autorizados, coa periodicidade que requira o correcto mantemento da instalación, atendendo a súa tipoloxía.

- A utilización de esterco coma fertilizante agrícola seguirá as indicacións do Código Galego de Boas Prácticas Agrarias, respectando as distancias mínimas e as cantidades máximas permitidas por Ha segundo o RD 261/1996 de 16 de febreiro de protección contra a contaminación producida por nitratos procedentes de fontes agrarias, e o RD lexislativo 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas.

RESULTANDO: Que elevado á Dirección Xeral de Urbanismo, este Organismo, con data 18 de outubro de 2006 (Rexistro de Entrada nº 4735, de data 09 de novembro de 2007), concede autorización previa á concesión de licenza municipal, sinalando que, dacordo con disposto no artigo 42.1e) da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, polo solicitante farase constar no rexistro da propiedade, a vinculación da total superficie real do predio á construción e uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e edificabilidade que a continuación se relacionan, debendo remitir ao Servizo de Urbanismo e Inspección Territorial de Pontevedra, antes do inicio das obras e implantación do uso, certificación do Rexistro da propiedade na que consten os seguintes extremos:

- titular do predio: LUIS VINSEIRO VILLAR
- superficie do predio: 5.827,00 m².
- referencia catastral: 360520000013100794QE
- uso autorizado: fosa de xurro
- superficie edificable: -----
- ocupación: -----
- altura máxima: -----
- distancia a linderos: > 5 m

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas



Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

*Esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade, CONDICIONADA** esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Comisión Provincial de Medio Ambiente e Dirección Xeral de Urbanismo, non podendo comezar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos termos desta licencia; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal.”*

Vista a Acta de comprobación para o exercicio de actividades clasificadas, de data 21 de marzo de 2013, asinada polo Arquitecto Técnico Municipal, José Antonio Presas Ferreiro e o titular da actividade, Luis Vinseiro Villar, que literalmente dí:

“ACTA DE COMPROBACIÓN PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES CLASIFICADAS

Actividade: *“Construcción dunha fosa de xurro na finca nº 104, polígono 3, do plano de concentración parcelaria de Escuadro-Rellas, para explotación de gando porcino, situada nas fincas nº 110 e 111, polígono 3, do mesmo plano de concentración, nas proximidades do lugar de Sestelo, parroquia de Escuadro (Silleda)”.*

Calificación: *Segundo escrito da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (rexistro de entrada nº 7391 de data 19 de novembro de 2007) a actividade califícase como MOLESTA, INSALUBRE E NOCIVA, C.D. 012-43.*

Certificación *Consta CERTIFICADO FINAL DE OBRA (visada en data 10 de abril de 2008 co número 10133) da enxeñeira agrónoma dona Ana Ripoll Yanci, de data 31 de marzo de 2008, e con ENTRADA: Concello de SILLEDÁ:*

Data: 11 de abril de 2008

Núm. de rexistro: 1812

Titular da actividade: Don LUIS VINSEIRO VILLAR.

No termo municipal de SILLEDA, parroquia de Escuadro, no lugar de Sestelo, persónase ás 12:00 horas do día 6 de marzo de 2013, o Técnico don José Antonio Presas Ferreiro, Arquitecto Técnico Municipal, atopándose nese lugar en presenza de don Luis Vinseiro Villar, provisto do D.N.I. nº 76.823.030-V, e efectúan a visita de comprobación demandada polo interesado en data 11 de abril de 2008 e referida á licenza municipal número 2463/05 de data según acordo da Xunta de Goberno Local deste Concello do día 26 de novembro de 2007.

Procédese, en primeiro lugar, a comprobar si o emprazamento se axusta ao proxecto aprobado, constando Certificado Final de Obra refrexado anteriormente.

A continuación examínase si se adoptaron tódalas medidas correctoras impostas na licenza e constátase visualmente que as medidas correctoras foron adoptadas.

De todo isto resulta que si pode iniciarse a actividade de "construcción dunha fosa de xurro na finca nº 104, polígono 3, do plano de concentración parcelaria de Escuadro-Rellas, para explotación de gando porcino, situada nas fincas nº 110 e 111, polígono 3, do mesmo plano de concentración, nas proximidades do lugar de Sestelo, parroquia de Escuadro (Silleda)"

A Xunta de Goberno Local segundo o contido da Acta de comprobación e o acordo da Xunta de Goberno Local do 26 de novembro de 2007 acorda: a concesión de licenza de actividade definitiva a LUIS VINSEIRO VILLAR, para construción dunha fosa de xurro na finca nº 104, polígono 3, do plano de concentración parcelaria de Escuadro-Rellas, para explotación de gando porcino, situada nas fincas nº 110 e 111, polígono 3, do mesmo plano de concentración, nas proximidades do lugar de Sestelo, parroquia de Escuadro (Silleda).

4.3.- Solicitude de licenza de obra e provisional de actividade de Luis Vinseiro Villar.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda:**

Visto o expediente instruído a instancia de Dº LUIS VINSEIRO VILLAR, mediante escrito de data 5 de novembro de 2012 (Rexistro de Entrada nº 5780 de data 05.11.12).

RESULTANDO: Que con data 08 de abril de 2013, Juan Carlos Peteiro Rodríguez emite informe xurídico manifestado conformidade co informe do

arquitecto asesor técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, de data 08 de abril de 2013, segundo así consta no informe técnico

RESULTANDO: Que con data 08 de abril de 2013, polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, emítase informe técnico favorable no que se sinala:

“

<i>Solicitante</i>	Luis Vinseiro Villar		
<i>Data da rexistro</i>	05/11/2012	Nº 5780	<i>Data escrito</i> 05/11/2012
<i>Obra</i>	Ampliación de explotación de porcino.		
<i>Tipo de obra</i>	Maior		
<i>Emprazamento</i>	Parcela “A Revolta” Sestelo-Escuadro.		
<i>Referencia Catastral</i>	36052M503001100000FB		
<i>Autor do Proxecto</i>	Francisco Pérez Donsión, enxeñeiro técnico agrícola		
<i>Proxecto</i>	Execución. Visado polo Colexio Oficial 31/10/2012, nº 521/12 PO		
<i>Dirección de Obra</i>	Francisco Pérez Donsión, enxeñeiro técnico agrícola		
<i>Oficio de Dirección</i>	Visado polo Colexio Oficial 31/10/2012, nº 521/12 PO		
<i>Dirección de Execución</i>	n/d		
<i>Oficio Direc. Execución</i>			
<i>Exposición pública</i>	BOP	DOGA	Pernsa
<i>Orzamento (P.E.M.)</i>	15.000,00 € declarado. Segundo Mbc: 41.698,80 €		

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).
- 2 LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).
- 3 Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro
- 4 Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- 5 Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en vivenda e solo.
- 6 Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da L.9/2002
- 7 Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia

ambiental.

8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).

9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).

10 Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.

11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.

12 Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica en Galicia.

13 Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia

14 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.

15 Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia

16 Planeamento do Concello de Silleda

16.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.

16.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. aprobado definitivamente o 22/10/1991

16.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). aprobado definitivamente o 11/05/1995

16.4 M.P. PXOU en Bandeira, reduccion do ancho Rua Num 5 (apartado 2). aprobado definitivamente o 11/05/1995

16.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saude. aprobado definitivamente o 07/03/2002

16.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). aprobado definitivamente o 07/03/2002

16.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. aprobado definitivamente o 08/04/2002

16.8 .P. Parque Empresarial Área 33. aprobado definitivamente o 22/10/1981

16.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. aprobado definitivamente o 07/03/2002

16.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. aprobado definitivamente o 27/03/2007

16.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. aprobado definitivamente o 15/05/2012

16.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012

16.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado inicialmente o 18/12/2012.

17 Concordantes

ANTECEDENTES:



1. Amósaseme para a redacción de informe a solicitude asinada por Luis Vinseiro Villar, presentada con R.E. 5780 de 05/11/2012. Aporta unha copia de proxecto técnico asinado por Francisco Pérez Donsión, enxeñeiro técnico agrícola.

2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 16.13 da normativa de aplicación deste informe técnico. No acordo de aprobación establécese o seguinte réxime de suspensión de licenzas:

"(...)

E como consecuencia acórdase suspender a concesión de licencias en aplicación do artigo 77, 2º da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia:

O acordo de aprobación inicial dos instrumentos de ordenación determinará, por si solo, a suspensión do procedemento de outorgamento de licencias naqueles ámbitos do territorio obxecto de planeamento cuxas novas determinacións supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente; a estes efectos, determinarase expresamente las áreas afectadas por la suspensión.

A suspensión determinada pola aprobación inicial terá unha duración máxima de dous anos a contar de dita aprobación e en calquera caso extinguirase coa aprobación definitiva do planeamento.

Segundo o informe verbal do arquitecto asesor do concello Lino Doporto Framil na sesión da Comisión especial de Contas e Informativa de Economía, Facenda, Réximen Interior, Urbanismo, Medio Ambiente e Medio Rural de 14 de decembro de 2012, acórdase que procede a suspensión de licencias de obra maior en todo o término municipal, salvo:

- No Polígono Industrial Área 33 (fases A e B).*
- En solo rústico, en canto á ampliación de estabulacións existentes da Disposición Transitoria Decimoprimeira da L.9/2002 LOUGA."*

3. A explotación que se pretende ampliar conta con recoñecemento da súa existencia a 1 de xaneiro de 2003, segundo acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Silleda do día 6 de maio de 2004, no que se recoñecen as seguintes edificacións:

- 3.1 Edificación destinada a **naves**, cunha superficie construída total de **860,24 m2**.*
- 3.2 Edificación destinada a **pozo de purín**, cunha superficie construída total de **46,42 m2** en planta baixa.*

- 3.3 Edificación destinada a **fosa de cadáveres**, cunha superficie construída total de **18,90 m2** en planta baixa.
- 3.4 Edificación destinada a **fosa de purín**, cunha superficie construída total de **1,50 m2** en planta baixa.
- 3.5 Edificación destinada a **zona de produción**, cunha superficie construída total de **22,00 m2** en planta baixa.
- 3.6 Edificación destinada a **silos**, cunha superficie construída total de **9,42 m2** en planta baixa.

4. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte:

INFORME TÉCNICO:

5. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como **Solo rústico**.

6. Segundo a disposición Transitoria Décimo primeira "Explotación e instalacións de apoio á actividade agropecuaria e serradoiros existentes" da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio rural de Galicia e posteriores modificacións:

(...)

2. Así mesmo, poderá permitirse, logo da obtención de licenza urbanística municipal, a ampliación das construcións destinadas á explotación ou ao apoio á actividade agropecuaria, mesmo en volume independente, cumprindo as condicións de edificación establecidas no artigo 42 desta lei e no planeamento urbanístico vixente, excepto no que se refire ás condicións de parcela mínima edificable, recuamentos, ocupación e volume máximos, distancias mínimas a vivendas e a asentamentos de poboación. (...)

En todo caso, deberá manterse o estado natural do terreo, ou con plantación de arboredo ou especies vexetais, como mínimo, nun terzo da superficie da parcela.

7. Con respecto á avaliación ambiental das obras, a xuízo do técnico que subscribe, esta actividade está exenta da súa tramitación, posto que se engloba dentro do disposto na D.A. segunda do Decreto 133/ 2008 polo que se regula a Avaliación de Incidencia Ambiental, ao **non tratarse de "modificación substancial"** definida no

artigo 3 do mesmo decreto, casos que se recollen a continuación:

- a) Un incremento superior ao 50% da capacidade produtiva da instalación.
- b) Un incremento superior ao 50% das materias primas empregadas no proceso produtivo.
- c) Un incremento do consumo de auga ou enerxía superior ao 50%.
- d) Un incremento superior ao 25% das emisións de contaminantes atmosféricos ou a implantación de novos focos de emisión catalogados.
- e) Un incremento superior ao 50% da vertedura de augas residuais.
- f) A produción de residuos perigosos ou o incremento do 25 % do seu volume no caso de estar inicialmente previstos.
- g) O incremento nun 25% dalgún ou da suma do total de contaminantes emitidos.
- h) A incorporación ao sistema de produción ou o seu aumento por enriba do 25% de substancias perigosas, reguladas polo Real decreto 1254/1999, do 16 de xullo, polo que se establecen medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas.

Neste sentido, o técnico redactor sinala no punto 1.2.1 da memoria, parágrafo 5º, que "Non se pretende con esta intervención un aumento nin modificación algunha do censo gandeiro da explotación".

8. O proxecto presentado non contradi os **parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito**.

9. O proxecto presentad o xustifica o cumprimento do establecido no **Documento Básico Seguridade en caso de Incendios, DB-SI**, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

10. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase inadecuado, o orzamento que figura na memoria técnica. Aplicando os módulos básicos do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia do ano 2010, de 406,25 €/m², para un coeficiente de tipo edificatorio, ct, de 1,2 e un coeficiente de tipo de uso ct de 0,3, obténse un valor de 41,698,80 €, como se amosa no cadro que se insire a continuación:

Cálculo de presuposto de execución material

	Nº	Sup	€/m ² C _e	Tipo de obra	C _i	Tipo de uso	C _u	C _s	
Planta baixa	1	247,5	406,25	Edificación illada (4 fachadas). Vivenda unifamiliar illada. Sotos a partir do 3º.	1,2	Almacéns e naves industriais. Instalacións deportivas descubertas Naves. Granxas. Cobertizos. Depósitos. Bancadas Panteóns (por nicho)	0,3	90%	41.698,80 €
TOTAL		247,50 m ²						PEM:	41.698,80 €

11. Segundo o indicado no artigo 196 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, non se observa, salvo erro ou omisión involuntarios, a necesidade de recabar informes sectoriais ou autorización autonómica ao abeiro do establecido no artigo 41 da mesma para esta solicitude.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude, e propónse para a concesión de licencia municipal de obra e provisional de actividade. "

A Xunta de Goberno Local, acorda a concesión da licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que no seu informe, sinala o Arquitecto Asesor Técnico municipal, non podendo comenzar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos termos desta licencia.

4.4.- Licencia provisional de actividade: José Ferreiro Lage.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes acorda:**

Visto o expediente instruído a instancia de D^o JOSÉ FERREIRO LAGE, en virtude de instancia de data maio de 2012, rexistro de entrada nº 3295 de data 13.06.12, solicitando licencia municipal de actividade para Pavillón Multiusos, na parcela C, segregada da parcela 11 e 12, vial V.5, mazá 2, marxe B do Polígono Industrial Área 33-Silleda.

Visto o informe emitido por Juan Carlos Peteiro Rodríguez, de data 08 de abril de 2013, sobre as licenzas solicitadas antes da suspensión de licenzas por aprobación do planeamento, do cal douse conta a Xunta de Goberno Local do 15 de abril de 2013.

Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 24 de xaneiro de 2013 acorda:

"4.1.- Remisión a Medio Ambiente: José Ferreiro Lage



*De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes **acorda:***

Visto o expediente instruído a instancia de Dº JOSÉ FERREIRO LAGE, mediante escrito de data maio de 2012 (Rexistro de Entrada nº 3295 de data 13.06.12), solicitude de licenza municipal de actividade para Pavillón Multiusos, proxecto redactado polo Arquitecto Técnico Luis Llorente Taboada, visado polo colexio oficial en data 22 de xuño de 2012.

RESULTANDO: Que con data 05 de outubro de 2012, Juan Carlos Peteiro Rodríguez emite informe xurídico manifestando conformidade co informe do arquitecto asesor técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, de data 05 de outubro de 2012, segundo así consta no informe técnico

RESULTANDO: Que con data 05 de outubro de 2012, polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, emítese informe técnico no que se sinala:

“

<i>Solicitante</i>	<i>José Ferreiro Lage</i>	
<i>Data da rexistro</i>	<i>13.XUÑ.2012 N° 3295</i>	<i>Data escrito</i> <i>Maio de 2012</i>
<i>Obra</i>	<i>Actividade sen obra para pavillón multiusos</i>	
<i>Tipo de obra</i>	<i>Actividade</i>	
<i>Emprazamento</i>	<i>Parcela C, segregada da parcela II e 12, vial V.5, mazá 2, marxe B do polígono industrial Área 33-Silleda</i>	
<i>Referencia Catastral</i>	<i>n/d</i>	
<i>Autor do Proxecto</i>	<i>Luis Llorente Taboada, Arquitecto técnico colexiado</i>	
<i>Proxecto</i>	<i>De Actividade Visado polo Colexio Oficial</i>	
<i>Dirección de Obra</i>	<i>Non procede</i>	
<i>Oficio de Dirección</i>		
<i>Dirección de Execución</i>	<i>Non procede</i>	
<i>Oficio Direc. Execución</i>		

<i>Exposición pública</i>	<i>BOP</i>
	<i>DOGA</i>
	<i>Prensa</i>
<i>Orzamento (P.E.M.)</i>	<i>Non procede</i>

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 *TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).*
- 2 *LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).*
- 3 *Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro*
- 4 *Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.*
- 5 *Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en vivenda e solo.*
- 6 *Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da L.9/2002*
- 7 *Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.*
- 8 *R XU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).*
- 9 *RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).*
- 10 *Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.*
- 11 *Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.*
- 12 *Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica en Galicia.*
- 13 *Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia*
- 14 *R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamenteo de Disciplina Urbanística para desenvolvemento de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.*
- 15 *Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia*
- 16 *Planeamento do Concello de Silleda*
 - 16.1 *Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.*
 - 16.2 *M.P. Parque Empresarial Área 33. aprobado definitivamente o 22/10/1991*
 - 16.3 *M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). aprobado definitivamente o 11/05/1995*
 - 16.4 *M.P. PXOU en Bandeira, reduccion do ancho Rua Num 5 (apartado 2). aprobado definitivamente o 11/05/1995*
 - 16.5 *M.P. PXOU na zona do Centro de Saude. aprobado definitivamente o 07/03/2002*
 - 16.6 *M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). aprobado*



definitivamente o 07/03/2002

16.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. aprobado definitivamente o 08/04/2002

16.8 .P. Parque Empresarial Área 33. aprobado definitivamente o 22/10/1981

16.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. aprobado definitivamente o 07/03/2002

16.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. aprobado definitivamente o 27/03/2007

16.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. aprobado definitivamente o 15/05/2012

17 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. Amósaseme para a redacción de informe a solicitude asinada por José Ferreiro Lage, presentada con R.E.3295 de 13.XUÑ.2012. Aporta dúas copias de proxecto técnico asinado por Luis Llorente Taboada, Arquitecto técnico colexiado.

2. O proxecto conta coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte:

INFORME TÉCNICO:

*3. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como **Solo URBANO**. Ordenanza: **Industria e Almacén**.*

4. Inclúese na documentación aportada certificado de solidez e seguridade da edificación.

5. O uso que se pretende, segundo se desprende no punto 1.4 da memoria, é o seguinte:

“Las actividades a desarrollar dentro del Pabellón serán las siguientes:

***Deportiva:** Ser sede de competiciones deportivas (mini básquet, pádel, voleibo/, gimnasia y frontón, etc*

***Hostelera:** Disponer de un restaurante con su correspondiente cocina, para dotar al polígono Área 33 de un servicio del que actualmente carece y para atender las actividades mencionadas en*

el apartado anterior.

Complementaria de hostelería: Para acoger actividades complementarias de hostelería tales como encuentros culturales y sociales de cualquier tipo, conciertos, exposiciones, eventos familiares, políticos, educación vial, etc."

6. *Consonte ao Plan Xeral vixente, esta actividade é compatible no ámbito definido con esta ordenanza, segundo a redacción dada pola Modificación Puntual do Plan Parcial Área 33 de Silleda, aprobada definitivamente polo Pleno do Concello de Silleda o 15 de maio de 2012 ao artigo 3.5.4:*

"3.5.4.-USOS PERMITIDOS

Se entende como usos permitidos los siguientes:

- *El conjunto de operaciones que se ejecuten para la obtención y transformación de materias primas, su envasado, almacenaje, distribución y reparación,*
- *La artesanía*
- *Las actividades industriales que por su envergadura y efectos producidos necesiten localizarse en aéreas cuyo uso principal sea el industrial.*
- *El hostelero,*
- *El deportivo,*
- *El administrativo"*

7. *Canto á tramitación ambiental, o Decreto 133/2008, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, non menciona estas instalacións no Anexo III "Actividades excluídas do procedemento de avaliación de incidencia ambiental". Neste caso, segundo o arto 2 "(,) estarán sometidas a este procedemento aquelas outras actividades que non estando incluídas no dito anexo I merezan a consideración de molestas, insalubres, nocivas e perigosas, consonte as definicións contidas no artigo 13 da Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia'. Polo tanto, propónse dar traslado dunha copia do expediente ao Servizo de Avaliación Ambiental da Consellería de M.A.T.I. a fin de que se pronuncie sobre a necesidade ou non do procedemento de Avaliación Ambiental.*

8. *O proxecto presentado non contradí os parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito.*

9. *O proxecto presentado dá cumprimento á normativa vixente en materia de Accesibilidade de Galicia, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.*

10. *O proxecto presentado dá cumprimento ao establecido no Documento Básico Seguridade en caso de Incendios, DB-SI, segundo se xustifica na memoria e na*



documentación gráfica do proxecto.

*11. Segundo o indicado no artigo 196 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, propónse **dar traslado, previos os trámites pertinentes, dunha copia do expediente completo aos seguintes Organismos, a fin de que emitan informe previo á concesión de licencia municipal:***

*11.1 Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a fin de que se proceda a emitir informe sobre a **necesiedade ou non de sometemento da actividade solicitada ao procedemento de Avaliación de Incidencia Ambiental.***

12. Segundo o indicado no artigo 196 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, non se observa, salvo erro ou omisión involuntarios, a necesidade de recabar informes sectoriais ou autorización autonómica ao abeiro do establecido no artigo 41 da mesma para esta solicitude."

*Visto o escrito de data 30 de outubro de 2012 da Xefatura Territorial - Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Rexistro de Saida da Xunta de Galicia n° 159409/RX56535 de data 08 de novembro de 2012 e Rexistro de Entrada no Concello n° 5967, de data 13 de novembro de 2012, que resolve: "RESOLUCIÓN: Á vista do informe do servizo de calidade e avaliación ambiental, a xefe territorial do departamento territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas **RESOLVE:** que a actividade de **PAVILLÓN MULTIUSOS** solicitado por **JOSE FERREIRO LAGE** si estará sometida ao procedemento de incidencia ambiental regulado no decreto 133/2008 de 12 de Xuño."*

Visto que consta certificado da secretaria xeral de Concello, de 16 de xaneiro de 2013 no que indica que consultado rexistro indica que non constan alegacións presentadas.

A Xunta de Goberno Local, acorda:

Remiti-lo expediente completo ó Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, no procedemento de Avaliación de Incidencia Ambiental."

Visto o escrito do Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, de data 01 de abril de 2013, rexistro de entrada no concello n° 2105 de data 04.04.13, que se

transcribe:

“IA/024/2013

Ref.: AFC

Asunto: ditame de incidencia ambiental ao abeiro do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.

ANTECEDENTES

O día 25 de febreiro de 2013 (IN024/2013), recíbese do concello de Silleda unha solicitude de emisión do ditame de incidencia ambiental para a actividade de pavillón multiusos solicitada por JOSÉ FERREIRO LAGE, situada en Polígono Industrial Área 33.

O decreto 133/2008, de 12 de xuño, que regula a avaliación de incidencia ambiental establece que estarán sometidas ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental os proxectos, obras ou instalacións, así como o seu traslado ou modificacións substanciais, contemplados no anexo I do Decreto, e que tamén estarán

sometidos ao procedemento de avaliación aquelas outras actividades non contempladas en dito anexo que merezan a consideración de molestas, insalubres, nocivas ou perigosas de acordo coas definicións contidas no artigo 13 da Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, nestas a decisión será motivada e adoptarase acorde cos criterios obxectivos que se determinan no Anexo II do Decreto.

A actividade obxecto do informe está incluída no decreto 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.

INFORME TÉCNICO

Da análise da documentación presentada, proxecto visado polo COAATEE de Pontevedra, do 22/06/12, sen número, da información dispoñible e baseándose no artigo 11 do mencionado Decreto 133/2008, este servizo de Calidade e Avaliación Ambiental no ámbito da súas competencias e só a efectos ambientais, sen prexuízo doutras autorizacións/permisos/licenzas nas que o seu outorgamento corresponda a outros organismos/administracións e das competencias a eles atribuídas, informa:

a/ descrición da instalación: nave de 1.269,1 m² construídos.

Procesos e equipos principais: Non hai ningún proceso no interior da nave, que se dedicará a multiusos deportivo, con cociña (92,3 m²), caldeiras-calefacción (8,4 m²), comedor con cafetería e cociña (135,2 m²), e spa (101 m²).

Materias primas utilizadas/ano: non procede.

Consumos de recursos enerxéticos: non procede (fundamentalmente iluminación).

Consumo de auga: non procede (uso sanitario e hostaleiro).

Produtos finais: non procede.

b/ vertidos e emisións:

Emisións á atmosfera: non figura ningún tipo de emisións no proxecto.



Augas residuais das instalacións: de uso sanitario e hostaleiro, conduciranse á rede municipal de sumidoiros.

c/ técnicas de minimización na produción de residuos e as medidas relativas a súa xestión:

Tódolos residuos xerados pola actividade xestionaranse con xestores autorizados, segregados, envasados e etiquetados segundo a súa tipoloxía de acordo coa normativa vixente. Evitar particularmente as mesturas que supoñan un aumento da súa perigosidade ou que dificulten a súa xestión posterior. Almacenarán os residuos en

condicións axeitadas de seguridade, tanto para as persoas como para o medio ambiente.

d/ valores límite de vertido:

Os establecidos na ordenanza municipal de vertidos.

e/ técnicas de medida, control e avaliación das emisións e vertidos, frecuencia das medicións:

Calquera incidencia será comunicada no momento de producirse, por escrito, aos organismos competentes na materia. A administración poderá inspeccionar as obras e instalacións, sendo por conta do autorizado os gastos que por tal motivo se ocasionen.

f/ medidas correctoras:

Previa á concesión da licenza de actividade definitiva, a empresa contará coas autorizacións sectoriais e rexistros pertinentes. Cumprirán a normativa vixente en materia de contaminación acústica.

O xefe do Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental

José Luis Rodríguez Fernández

DICTAMEN AMBIENTAL

Á vista do exposto e unha vez completado o procedemento administrativo previsto nos artigos 10 e 11 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, o xefe territorial da Consellería de Medio Ambiente e Infraestruturas e Territorio de Pontevedra EMITE o ditame de incidencia ambiental nos termos que se recollen no informe técnico elaborado polo servizo de calidade e avaliación ambiental de Pontevedra e relatado anteriormente.

Pontevedra, 1 de abril de 2013

O xefe territorial

José Luis Díez Yáñez

A Xunta de Goberno Local, acorda a concesión da licenza provisional de actividade, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e

medidas correctoras que nos seus informes transcritos, sinala o Arquitecto Asesor Técnico e o Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, non podendo comezar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licenza definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos termos desta licenza.

4.5.- Legalización de actividade: José Taín Taboada.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes acorda:**

Visto o expediente instruído a instancia de D^o JOSÉ TAÍN TABOADA, en virtude de instancia de data 15 de abril de 2011, rexistro de entrada n^o 1641 de data 15.04.12, solicitando legalización de actividade para taller de reparación de vehículos na rúa E (actualmente Campo de Arriba) n^o 3 baixo (Silleda).

Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 29 de novembro de 2012 acorda:

"3.3.- TAÍN TABOADA JOSÉ. Legalización de actividade para taller de reparación de vehículos, na rúa Campo de Arriba, n^o 3, baixo (Silleda).

Visto o expediente promovido por D^o José Taín Taboada, en virtude de instancia de data 15 de abril de 2011, Rexistro de Entrada n^o 1641, de data 15 de abril de 2011, para legalización de actividade para taller de reparación de vehículos, na rúa E (actualmente Campo de Arriba), n^o 3, baixo (Silleda).

Visto o informe técnico do arquitecto asesor do Concello, Lino Doporto Framil, de data 21 de marzo de 2012.

Visto o escrito do Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, de data 9 de abril de 2012, (rexistro de saída da Xunta n^o 55909 de data 11.04.12 e rexistro de entrada no concello n^o 1991 de data 13.04.12).

Visto o escrito do Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, de data 14 de setembro de 2012, (rexistro de saída da Xunta n^o 135812 de data 25.09.12 e rexistro de entrada no concello n^o 5077 de data 27.09.12), que se transcribe:



“EXPEDIENTENº.: IA/97/2012.

mayf

Avalidado o expediente IA/97/2012 donde se solicita licenza de actividade de taller de reparación de vehículos no Concello de Silleda, iniciado por José Taín Taboada e ante as carencias / contradicións documentais, que se observan, informase:

Por parte do CONCELLO emitirase:

a/ informe razoado sobre a incidencia ambiental da actividade no ámbito local, que incluírá alomenos os seguintes aspectos:

O cumprimento da normativa en materia de protección contra a contaminación acústica.

Xestión municipal dos residuos sólidos urbanos producidos pola actividade. Información sobre o subministro de augas e vertido das augas residuais á rede de alcantarillado.

Indicación da posible produción de efectos aditivos pola proximidade doutras actividades análogas.

Resultado da información pública practicada mediante anuncio no DOG e no BOP de Pontevedra.

Por parte do PROMOTOR aportarase a seguinte documentación:

a/ Incluírase un plano coa ubicación do separador de hidrocarburos (que recollerá os posibles derrames accidentais provintes das zonas de taller) así como a súa descrición na memoria.”

Visto que con data 27 de novembro de 2012, polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, emítese informe razoado ao abeiro do art. 9 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.

*De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a Xunta de Goberno Local, segundo o contido do citado informe técnico de 27 de novembro de 2012, por unanimidade dos presentes **acorda informar:***

“

<i>Solicitante</i>	<i>José Taín Taboada</i>		
<i>Data da rexistro</i>	<i>15/04/2011</i>	<i>Nº 1641</i>	<i>Data escrito 15/04/2011</i>

Obra	Legalización de actividade para taller de reparación de vehículos		
Tipo de obra	Maior		
Emprazamento	Rúa Campo de Arriba (antigamente rúa E), nº 3, baixo		
Referencia Catastral	2076011NH6227N (parcela) e 2076010NH6227N (parcela)		
Autor do Proxecto	José Luis Pérez Donsión, Enxeñeiro Industrial, col. 573 de C.O.E.I.G.		
Proxecto	Execución. Visado polo Colexio Oficial o día 12/4/2011, n1 71/2011		
Dirección de Obra	n/d		
Oficio de Dirección			
Dirección de Execución	n/d		
Oficio Direc. Execución			
Exposición pública	BOP	nº 92	14/05/2012
	DOGA	nº 91	14/05/2012
	Prensa		
Orzamento	13.549,62 €		

INFORME (Ao abeiro do art. 9 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental):

1. A actividade atópase incluída no Anexo I, Grupo 1, punto 1.13.1 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, que se transcrebe:

"1.13.1. Talleres de reparación de vehículos e maquinaria cando a súa superficie útil sexa superior a 1.000 m² ou a súa potencia mecánica instalada sexa superior a 250 kW."

1. En consulta elevada ante a Consellería Competente en materia de Medio Ambiente, remitida con r.s. 759 de 27.MAR.2012, sobre a procedencia ou non de ser obxecto de Avaliación de Incidencia Ambiental, esta responde (r.s. 55909 de 11.ABR.2012, r.e. Concello de Silleda nº 199 de 13.ABR.2012) que esta actividade si estaría sometida a avaliación.

2. Realizada a información pública, con anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (nº 92 de 14/05/2012), no Diario Oficial de Galicia (nº 91 de 14/05/2012), no taboleiro de edictos do Concello e con notificación persoal aos veciños inmediatos, constando certificación da Secretaría Xeral do Concello de día 14 de xuño de 2012 de que non se presentaron reclamacións contra o mesmo.

3. A recollida de residuos sólidos urbáns efectúase pola empresa CELTA PRIX, S.L..

4. A empresa concesionaria dos servizos de abastecemento de auga e saneamento é ESPINA Y DELFÍN, S.L..

5. O proxecto técnico xustifica a normativa acústica en vigor na data da súa entrada neste Concello, según se xustifica na páxina 33 do Anexo 4, apartado 7, do proxecto técnico.

6. Segundo consta no proxecto técnico, páxinas 9 e 10, a actividade está inscrita no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Resíduos de Galicia, cò número de inscripcioón P-P/105/2001. Os residuos xerados pola instalación enumerados no proxecto son os seguintes:

TIPO RESÍDUO	CANTIDADE	CÓDIGO CER
Aceite usado	3200 Kg/ ano	130203 (Q7//R1//L8//H14//A841//B0005)
Baterías	25 Kg/ ano	160602 (W6//R477S37//C18//H14//A841//B0005)
Filtros usados	720 Kg/ ano	130203 (Q9//D15//S35//C51//H5//A841//B0005)

Con respecto ao resto dos puntos solicitados no Artigo 9.1 do Decreto 133/2008 (incidencia ambiental no ámbito local, existencia doutras actividades análogas), este Departamento Técnico non conta con persoal competente para dar resposta a eles."

Visto o informe emitido por Juan Carlos Peteiro Rodríguez, de data 08 de abril de 2013, sobre as licenzas solicitadas antes da suspensión de licenzas por aprobación do planeamento, do cal douse conta a Xunta de Goberno Local do 15 de abril de 2013.

Visto o escrito do Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, de data 23 de xaneiro de 2013, rexistro de entrada no concello nº 637 de data 07.02.13, que se transcribe:

"IA/97/2012
mavf

Asunto: dictame de incidencia ambiental ao abeiro do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.

ANTECEDENTES

Con data de 22 de xuño de 2012 (IA/97/2012), recíbese do Concello de Silleda solicitude de emisión do dictame de incidencia ambiental para a actividade de establecemento adicado a taller de reparación de vehículos, solicitada por José Taín Taboada.

O decreto 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental establece que estarán sometidas ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental os proxectos, obras ou instalacións, así como o seu traslado ou modificacións substanciais, contemplados no anexo I do Decreto, e que tamén estarán sometidos ao procedemento de avaliación aquelas outras actividades non contempladas en dito anexo que merezan a consideración de molestas, insalubres, nocivas ou perigosas de acordo coas definicións contidas no artigo 13 da Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, nestas a decisión será motivada e adoptarse acorde cos criterios obxectivos que se determinan no Anexo II do Decreto.

A actividade obxecto do informe está incluída no anexo II do decreto 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.

INFORME TÉCNICO

Da análise da documentación presentada, proxecto visado e anexos, e da información dispoñible, e baseándose no artigo 11 do mencionado Decreto 133/2008, este servizo de calidade e avaliación ambiental no ámbito da súas competencias e só a efectos ambientais sen prexuízo doutras autorizacións/permisos/licenzas, nas que o seu outorgamento corresponda a outros organismos/administracións e das competencias a eles atribuídas informa:

a/ descrición da instalación: a actividade desenvolverase na planta baixa de dous edificios independentes e corresponderase con un establecemento adicado a taller de reparación de vehículos, especialidade mecánica. Posuirá dous talleres de reparación, aseos e un altillo.

Procesos e equipos principais: o equipamento instalado é o seguinte: elevador de dúas columnas, equilibradora, desmontador de pneumáticos automático, prensa, alineadora de dirección, compresor de aire e gatos hidráulicos.

Materias primas utilizadas: ao tratarse dun taller non hai procesos produtivos.

Consumos de auga e recursos enerxéticos: según o proxecto.



b/ vertidos e emisións

Emisións á atmosfera: a nave disporá de ventilación natural de acordo co proxecto presentado.

Augas residuais das instalacións: tódalas augas residuais rematarán en dúas arquetas separadoras de graxas, de acordo co anexo da memoria ambiental; para logo verter na rede de sumidoiros municipal.

c/ técnicas de minimización na produción de residuos e as medidas relativas a súa xestión

Tódolos residuos xerados pola actividade xestionaranse con xestores autorizados, según a súa tipoloxía de acordo coa normativa vixente. Segregación axeitada dos residuos. Evitar particularmente as mesturas que supoñan un aumento da súa perigosidade ou que dificulten a súa xestión posterior. Almacenamento dos residuos en condicións axeitadas de seguridade, tanto para as persoas como para o medio ambiente.

d/ valores límite de emisión

valores límite do vertido: según proxecto

e/ técnicas de medida, control e avaliación das emisións e verquidos e frecuencia das medicións

Calquera incidencia comunicarase no momento de producirse, aos organismos competentes.

f/ medidas correctoras

Previa á concesión da licenza de actividade definitiva, a empresa contará coas autorizacións sectoriais e rexistros pertinentes. Cumprirá a lexislación ambiental e sectorial aplicable, a normativa de seguridade, a relativa ás medidas de autoprotección e saúde, e a normativa vixente en materia de contaminación acústica.

O xefe do servizo de calidade e avaliación ambiental

José Luis Rodríguez Fernández

DICTAME AMBIENTAL

Á vista do exposto e unha vez completado o procedemento administrativo previsto nos artigos 10 e 11 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, o xefe territorial da Consellería de Medio

Ambiente e Infraestruturas e Territorio de Pontevedra emite o dictame de incidencia ambiental nos termos que se recollen no informe técnico elaborado polo servizo de calidade e avaliación ambiental de Pontevedra e relatado anteriormente.

Pontevedra, 23 de xaneiro de 2013

O xefe territorial

José Luis Díaz Yáñez"

A Xunta de Goberno Local, acorda a concesión da licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que no seu informe, sinala o Arquitecto Asesor Técnico municipal e o Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, non podendo comenazar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos termos desta licencia.

4.6.- Legalización de obra: Isabel Ramos Varela.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes acorda:**

Visto o informe emitido por Juan Carlos Peteiro Rodríguez, de data 08 de abril de 2013, sobre as licenzas solicitadas antes da suspensión de licenzas por aprobación do planeamento, do cal douse conta a Xunta de Goberno Local do 15 de abril de 2013.

1º.- Salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, conceder a licencia que se solicita nos termos que se expresan a continuación:

- a) NOME OU RAZÓN SOCIAL DO PROMOTOR: D^a ISABEL RAMOS VARELA.
2. FINALIDADE DA ACTUACIÓN E USO Ó QUE SE DESTINARÁ:
Legalización de obra de ampliación de vivenda unifamiliar.
- c) SITUACIÓN E EMPRAZAMENTO DAS OBRAS: Rúa Tras de Igrexa.
- d) TÉCNICO AUTOR DO PROXECTO: Arquitecto D^o José Luis Sanmiguel Guerreiro. Col. 2564.
- e) CONTÍA NA QUE SE ORZAN AS OBRAS: 47.805,19 €.

- f) **CONDICIONANTES:** Os definidos no proxecto técnico, e os especificados no informe do arquitecto técnico municipal, de data 01 de abril de 2013:

Solicitante	Ramos Varela Isabel			
Data de rexistro	41190	Nº 528	Data escrito	41190
		1		
Obra	Legalización de obras de ampliación de vivenda unifamiliar			
Tipo de obra	Maior			
Emprazamento	Rua Tras da Igrexa			
Referencia Catastral	n/d			
Autor do Proxecto	José Luis Sanmiguel Guerreiro, arquitecto col. 2564			
Proxecto	De legalización. Visado polo Colexio Oficial O 8/1/2013, vd. 1210604.1			
Dirección de Obra	José Luis Sanmiguel Guerreiro, arquitecto col. 2564			
Oficio de Dirección	Sen visar (Real Decreto 1000/2010, de 5 de agosto, sobre visado colegial obligatorio)			
Dirección de Execución	n/d			
Oficio Direc. Execución				
Exposición pública	BOP	DOGA	Pernsa	
Orzamento (P.E.M.)	47.805,19 €			

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 *TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).*
- 2 *LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).*
- 3 *Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro*
- 4 *Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.*
- 5 *Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en vivenda e solo.*

- 6 Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urgentes de modificación da L.9/2002
- 7 Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.
- 8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 10 Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.
- 11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 12 Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica en Galicia.
- 13 Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia
- 14 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 15 Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia
- 16 Planeamento do Concello de Silleda
 - 16.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
 - 16.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. aprobado definitivamente o 22/10/1991
 - 16.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). aprobado definitivamente o 11/05/1995
 - 16.4 M.P. PXOU en Bandeira, reduccion do ancho Rua Num 5 (apartado 2). aprobado definitivamente o 11/05/1995
 - 16.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saude. aprobado definitivamente o 07/03/2002
 - 16.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). aprobado definitivamente o 07/03/2002
 - 16.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. aprobado definitivamente o 08/04/2002
 - 16.8 .P. Parque Empresarial Área 33. aprobado definitivamente o 22/10/1981
 - 16.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. aprobado definitivamente o 07/03/2002
 - 16.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. aprobado definitivamente o 27/03/2007
 - 16.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. aprobado definitivamente o 15/05/2012
 - 16.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012
 - 16.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado inicialmente o 18/12/2012.

17 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. *Amósaseme para a redacción de informe a solicitude asinada por Ramos Varela, Isabel, presentada con R.E. 5281 de 09/10/2012. Aporta dúas copias de proxecto técnico asinado por José Luis Sanmiguel Guerreiro, arquitecto col. 2564 e visado o 8 de xaneiro de 2013, có número 1210604.*

2. *O proxecto conta coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte.*

3. *O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o 18 de decembro de 2012 (punto 16.13 do apartado Normativa deste Informe Técnico). Porén, e dado que a solicitude de licenza foi presentada por rexistro de entrada o 9 de outubro de 2012, procédese a evacuar o presente informe técnico, sen prexuízo do que o informe xurídico poida establecer con respecto á tramitación e á suspensión de licenzas acordada coa aprobación inicial antes citada. Por tanto, procédese a verificar o cumprimento tanto do Plan Xeral vixente como do aprobado inicialmente.*

INFORME TÉCNICO:

4. *O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como **Solo urbano. Ordenanza Parque Urbanizado.***

5. *Consonte ao Plan Xeral vixente, esta actividade é compatible no ámbito definido con esta ordenanza, no uso definido como **Residencial o de vivienda**: "ART. 31.- - Residencial o de vivienda.- Vivienda unifamiliar aislada, pareada o en línea y vivienda colectiva en bloques aislados, pareados o en línea de altura no superior a tres plantas. Este uso do solo é admitido neste ámbito segundo o PXOM vixente, segundo o art. 18 do mesmo.*

6. *O Plan Xeral Vixente establece os seguintes parámetros para este ámbito:*

ART. 32.- NORMAS DE VOLUMEN

1.- CONDICIONES DE POSICION

- A.- Retranqueo mínimo.- 3 m. en todos los linderos y alineaciones. Rehabilitación
- B.- Separación mínima entre edificios de 2 plantas.- 5 m. Cumpre
- C.- Separación mínima entre edificios de 3 plantas.- 7 m. Cumpre
- D.- Separación mínima a otros usos.- 5 m. Cumpre
- E.- Alineaciones y rasantes.- Lo especificado en este Plan, Estudio de Detalle (E.D.) o Proyecto de Urbanización (P.U.) en Tramos Urbanos de Carreteras se estará a lo

especificado en el art. 19.1 para E.C.

F.- La rasante del terreno en la zona de retranqueo a la alineación y espacios libres, no tendrá solución de continuidad con la de la acera.

2.- CONDICIONES DE PARCELACION

A.- Superficie edificable máxima.- 40%

Rehabilitación

B.- Parcela mínima vivienda unifamiliar.- 300 m²

Cumpre

C.- Otros usos admitidos.- 1.000 m².

3.- CONDICIONES DE EDIFICACION

A.- Altura máxima.- Vivienda unifamiliar.-

- 1 planta.- 3 m.

- 2 plantas.- 6 m.

Cumpre

- 3 plantas.- 6,80 m.

La última o 3ª, se considera equivalente a ático.

B.- En dos parcelas contiguas, se permitirá edificación con medianera común si previo acuerdo notarial de ambos propietarios mantienen las condiciones de retranqueo y distancia mínima al resto de los linderos y otros edificios existentes y crean la obligación sobre ambas propiedades, fincas o solares de construcción simultánea adosada o de constituir formalmente la obligación sobre cada predio colindante con la garantía registral y los que el ayuntamiento estime oportunos.

C.- En disposición en línea, no podrán sobrepasarse 60 m. continuos edificadas, admitiendo en más o en menos un 5% de esta longitud.

D.- Los parámetros que queden al exterior en disposición en línea o pareada, habrán de tener tratamiento principal.

7. O proxecto presentado non contradí os **parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito** e sinalados no punto 6 deste informe técnico.

8. Canto ao **planeamento aprobado inicialmente o 18 de decembro de 2012**, (punto 16.13 do apartado Normativa deste Informe Técnico), procédese a continuación a analizar o cumprimento dos parámetros que establecería a **Ordenanza 4 (O-4) Residencial Unifamiliar** para este ámbito:

3. USO E TIPOLOXÍA CARACTERÍSTICOS

O uso característico é o residencial e a tipoloxía edificatoria é a de vivenda unifamiliar nas súas variantes exenta, apegada e aparellada, que deberán cumprir as condicións de edificación establecidas no Artigo 294 anterior.

Artigo 294.- Condicións de edificación

1. TIPOLOXÍA.

Permítese a tipoloxía apegada, aparellada e/ou exenta, establecéndose tres graos en función das características das edificacións colindantes:

a) Grao 4.1: Cando existen vivendas unifamiliares con medianeiras cegas

b) Grao 4.2: Cando existen vivendas unifamiliares cunha soa

medianeira cega.

c) Grao 4.3: Cando existen vivendas unifamiliares exentas.

2. CONDICIÓN DE EDIFICACIÓN

a) Cando a edificación existente presente unha medianeira cega (Grao 4.2), será obrigatorio o apegado da nova edificación a dita medianeira. Se a particularidade citada se dese en ambos lindes de parcela (Grao 4.1), a nova edificación levantarase entre as dúas medianeiras, sempre que a parcela teña unha anchura igual ou inferior a 11 metros. En caso de superar dita dimensión presentarse estudo de detalle de ordenación dos volumes resultantes.

b) Tamén se permitirá a tipoloxía apegada cando as novas edificacións respondan a proxecto conxunto.

c) Nos demais casos, a tipoloxía da nova edificación será exenta (Grao 4.3).

3. PARCELA MÍNIMA

a) Nos tres graos considérase parcela mínima edificable a catastral existente que cumpra as condicións de vivenda de superficie mínima, de acordo coas condicións establecidas nas NHV-2010.

b) A efectos de parcelacións, reparcelacións e segregacións, as parcelas resultantes deberán cumprir as condicións sinaladas en cadro adxunto:

<i>Graos</i>	<i>Parcela mínima (m²)</i>	<i>Fronte mínimo (m)</i>	<i>Diámetro mínimo inscribible (m)</i>
<i>Grao 1</i>	<i>100</i>	<i>6</i>	<i>6</i>
<i>Grao 2</i>	<i>150</i>	<i>9</i>	<i>9</i>
<i>Grao 3</i>	<i>400</i>	<i>12</i>	<i>12</i>

4. ALIÑACIÓN

As aliñacións oficiais gráfanse nos Planos de Ordenación.

5. RECUADO FRONTAL

a) Nos Graos 4.1 e 4.2: 3 metros, excepto casos de apegamento obrigatorio a edificacións existentes non recuadas respecto á aliñación oficial e que non estean fóra de aliñación, en cuxo caso a nova edificación non guardará recuado.

b) No grao 3: A liña de edificación exterior recuarase 3 metros respecto á aliñación oficial.

6. RECUADO A LINDEIROS

(...)

c) Grao 4.3: 3 metros, como mínimo ,aos lindeiros laterales e ao posterior.

7. OCUPACIÓN MÁXIMA SOBRE PARCELA NETA

(...)

c) Grao 4.3: 35 %

8. EDIFICABILIDADE MÁXIMA SOBRE PARCELA NETA

(...)

c) Grao 4.3: 0,95 m²/m².

d) No índice de edificabilidade fixado, inclúese a edificabilidade correspondente ao aproveitamento baixo cuberta.

9. ALTURA MÁXIMA DE CORNIXA

a) A altura máxima de cornixa para os tres graos será de 7 metros equivalente a baixo e planta.

b) A medición de alturas realizarase de acordo coas condicións xerais establecidas no Artigo 155 desta Normativa.

10. ELEMENTOS SÁINTES E VOOS

Permitense saíntes e voos, cumprindo as condicións xerais establecidas no Artigo 165 e Artigo 169 desta Normativa.

11. SOTOS E SEMISOTOS

Autorízanse sotos e semisotos cumprindo as condicións xerais establecidas no Artigo 172 e Artigo 173 desta Normativa.

12. APROVEITAMENTO BAIXO CUBERTA

Permitense os aproveitamentos baixo cuberta, cumprindo as condicións xerais establecidas no Artigo 160 desta Normativa

13. EDIFICACIÓNS AUXILIARES

a) Permitense edificacións auxiliares, destinadas a garaxe e rocho. Estas edificacións serán de planta baixa, cunha altura máxima de 3 metros e unha ocupación máxima en planta de 40 m².

b) Estas edificacións poderán situarse exentas, en contacto co peche do lindeiro sen prexuízo a terceiros ou apegadas á edificación principal sempre que non se sitúe a menor distancia da aliñación oficial que a fachada que dea fronte ao vial.

c) As edificacións auxiliares computarán edificabilidade en tódolos casos (Art. 46.6.a) LOUG).

Artigo 295.- Condicións de uso

1. USO CARACTERISTICO

Residencial

2. USOS PORMENORIZADOS PERMITIDOS

a) RESIDENCIAL: Categorias: C-1ª.

(...)

9. O proxecto presentado non contradi os parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito polo planeamento aprobado inicialmente o 18 de decembro de 2012 (punto 16.13 do apartado Normativa deste Informe Técnico), e sinalados no punto 8 deste informe técnico.

10. O proxecto presentado dá cumprimento á normativa vixente en materia de

Accesibilidade de Galicia, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

*11. O proxecto presentado xustifica o cumprimento ao establecido no **Documento Básico Seguridade en caso de Incendios, DB-SI**, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto, punto 4.2.*

*12. O proxecto presentado xustifica o cumprimento ao establecido na **Lei de Habitabilidade de Vivendas** (plano nº h1 e punto 5.1 da memoria).*

13. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura na memoria técnica.

14. Segundo o indicado no artigo 196 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, non se observa, salvo erro ou omisión involuntarios, a necesidade de recabar informes sectoriais ou autorización autonómica ao abeiro do establecido no artigo 41 da mesma para esta solicitude.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, así como o planeamento aprobado inicialmente o 18/12/2012, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude dende o punto de vista técnico, e propónse para a concesión de licencia municipal de obra, sen prexuízo do que os informe xurídico indique canto á tramitación deste expediente, iniciado con anterioridade á suspensión de licenzas.

Porén, non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

1. Oficios de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras."

g) **PRAZOS PARA O INICIO E TERMINACIÓN DAS OBRAS:** De acordo co determinado no PXOM de Silleda, a licencia caducará ós 6 meses da súa outorgación, caso de non dar comezo as obras. Poderá prorrogarse por un prazo igual ó anterior, de acordo co establecido no Decreto 28/99, do 21 de xaneiro, as obras finalizarán no prazo de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior a seis meses.

h) **OUTROS:**
-Deberá colocar en lugar visible o cartel de obras de 1x 0,70 metros cos seguintes datos: obra a realizar, promotor, situación, arquitecto, aparelador, nº de licencia e data da licencia, e debendo cumprir coas condicións xerais e particulares establecidas na correspondente

ordenanza. Nº de Licencia 602/10.

2º) Aprobar a liquidación de taxas e imposto sobre construcións que ascende a 60,00 € (Informe Técnico) e 1.075,62 € (ICIO) que deben ser ingresadas previamente nas arcas municipais.

4.7.- Licenza de obra e provisional de actividade: José García Pichel.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda:**

Licencia Nº 349/12. Visto o expediente instruído a instancia de Dº JOSÉ GARCÍA PICHEL, solicitando Licencia para construción de dúas sepulturas baixo terra, a situar no cemiterio parroquial de San Martín de Vilar (Silleda), segundo proxecto da Arquitecta Técnica Dª Ana Pazos Bernárdez, visado polo Colexio Oficial.

Visto o informe emitido por Juan Carlos Peteiro Rodríguez, de data 08 de abril de 2013, sobre as licenzas solicitadas antes da suspensión de licenzas por aprobación do planeamento, do cal douse conta a Xunta de Goberno Local do 15 de abril de 2013.

RESULTANDO: Que recibido escrito da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural - Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 29 de xuño de 2012, con Rexistro de Entrada no Concello nº 3696, de data 04 de xullo de 2012, no que notificase resolución do Director Xeral de Patrimonio Cultural, de data 29 de xuño de 2012, Nº Expte. 2012/210 que literalmente di:

“Nº exp. 2012/210

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL POLA QUE NON SE AUTORIZA A REALIZACIÓN DE OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE DÚAS SEPULTURAS NO CEMITERIO PARROQUIAL DE SAN MARTIÑO DE VILAR, NO CONCELLO DE SILLEDA.

ANTECEDENTES

- 1 José García Pichel solicitou autorización para a realización de obras de construción de dúas sepulturas no Cemiterio Parroquial de San Martiño de Vilar, situado no Concello de Silleda.*
- 2 Presentan un proxecto básico e de execución, asinado pola arquitecto técnico Ana Pazos Bernárdez, para a construción de dúas sepulturas con catro nichos baixo terra, das que sobresaíra do nivel do chan as dúas lousas de granito duns 8 cm. e un frontón ornamental rematado con pináculos que*

abrange a fronte das dúas sepulturas, executado tamén en pedra granítica.

- 3 *A Subcomisión de Conservación do Patrimonio Histórico, Artístico e Documental da Igrexa Católica en Galicia, órgano asesor da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en materia de patrimonio cultural, reunida en sesión ordinaria o día 14 de xuño de 2012, despois de ter vistos os informes dos servizos técnicos, acordou informar desfavorablemente a solicitude de referencia xa que as dúas novas sepulturas pretenden construílas nunha parcela inmediata ao portal de acceso ao adro, entrada que neste momento goza de certa amplitude o non ter enterramentos e dispor do espazo verde libre.*

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- 1 *Lei 8/1995, do 30 de outubro, de patrimonio cultural de Galicia.*
- 2 *Lei 16/1985, do 25 de xuño, de patrimonio histórico español.*
- 3 *Convenio de colaboración entre a Igrexa Católica e a Xunta de Galicia de 5 de xuño de 1985, para a conservación e fomento do patrimonio artístico e documental da Igrexa Católica en Galicia.*
- 4 *A lexislación vixente sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana, en relación coa protección e a conservación do patrimonio cultural.*

De acordo con todo o indicado, e no exercicio das competencias que teño atribuídas en virtude do decreto 45/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,

RESOLVO

Non autorizar a intervención solicitada polo impacto que esta causa sobre o ben obxecto de protección, xa que os novos enterramentos propostos sitúanse encima do ámbito da entrada ao adro, que se atopa pechado cun muro de cachotaría tradicional que se remata no oco de acceso cuns pináculos ornamentais.

No caso de atopar unha posición na que puidesen ser autorizadas as novas sepulturas, a solicitude correspondente debería vir acompañada do correspondente permiso do Bispado de Lugo, como propietario dos terreos nos que pretenden executar as obras."

RESULTANDO: Que con data 16 de novembro de 2012, Juan Carlos Peteiro Rodríguez emite informe xurídico manifestado conformidade co informe do arquitecto asesor técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, de data 16 de

novembro de 2012.

RESULTANDO: Que con data 16 de novembro de 2012, polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, emítase informe técnico no que se sinala:

“

Solicitante	José García Pichel			
Data de rexistro	40932	Nº 349	Data escrito	40932
Obra	Construcción de dúas sepulturas baixo terra			
Tipo de obra	Maior			
Emprazamento	Cemiterio de San Martín de Vilar. Silleda			
Referencia Catastral	n/d			
Autor do Proxecto	Ana Pazos Bernárdez. Arquitecta Técnica			
Proxecto	Execución. Visado polo Colexio Oficial.			
Dirección de Obra	N/d			
Oficio de Dirección	N/d			
Dirección de Execución	Ana Pazos Bernárdez			
Oficio Direc. Execución	Visado polo Colexio Oficial			
Exposición pública	Non	BOP		
		DOGA		
		Prensa		
Orzamento (P.E.M.)	n/d			

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 *TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).*
- 2 *LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).*
- 3 *Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro*
- 4 *Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.*



- 5 *Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urgentes en vivenda e solo.*
- 6 *Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urgentes de modificación da L.9/2002*
- 7 *Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.*
- 8 *R XU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).*
- 9 *RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).*
- 10 *Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.*
- 11 *Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.*
- 12 *Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica en Galicia.*
- 13 *Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia*
- 14 *R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamente de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.*
- 15 *Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia*
- 16 *Planeamento do Concello de Silleda*
 - 16.1 *Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.*
 - 16.2 *M.P. Parque Empresarial Área 33. aprobado definitivamente o 22/10/1991*
 - 16.3 *M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). aprobado definitivamente o 11/05/1995*
 - 16.4 *M.P. PXOU en Bandeira, reduccion do ancho Rua Num 5 (apartado 2). aprobado definitivamente o 11/05/1995*
 - 16.5 *M.P. PXOU na zona do Centro de Saude. aprobado definitivamente o 07/03/2002*
 - 16.6 *M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). aprobado definitivamente o 07/03/2002*
 - 16.7 *M.P. PXOU na zona Feira Internacional. aprobado definitivamente o 08/04/2002*
 - 16.8 *.P. Parque Empresarial Área 33. aprobado definitivamente o 22/10/1981*
 - 16.9 *M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. aprobado definitivamente o 07/03/2002*
 - 16.10 *M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. aprobado definitivamente o 27/03/2007*
 - 16.11 *M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. aprobado definitivamente o 15/05/2012*
 - 16.12 *M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012*
 - 16.13 *Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado inicialmente o 18/12/2012.*
- 17 *Concordantes*

ANTECEDENTES:

1. O día 25 de xaneiro de 2012, José Pichel García presenta solicitude de licencia municipal de obra e actividade para a construción de dúas sepulturas baixo terra, no cemiterio de San Martín de Vilar, Silleda. Aporta catro copias de proxecto básico e de execución asinadas pola arquitecta técnica Ana Pazos Bernárdez e visadas polo Colexio profesional correspondente o día 24 de xaneiro de 2012. Aporta ademáis oficios de dirección de execución da obra, a nome da técnica redactora dos proxectos, e oficio de designación de coordinador de seguridade e saúde durante a execución da obra a nome de Rocío Chao Silva, arquitecta técnica. Por outra banda, consta na documentación presentada (punto 5.1 da memoria) copia da autorización do Obispado de Lugo.

2. As obras consisten na construción de catro nichos baixo rasante situadas no interior do recinto do cemiterio católico de Vilar, vinculado á igrexa da mesma parroquia, que figura inventariada, entre outros instrumentos, nas Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento da provincia de Pontevedra.

3. A Consellería de Cultura, en notificación asinada o día 29 de xuño de 2012 (r.s. 16050 de 02.xull.2012 e r.e. 3696 de 04.xull.2012), non autoriza a intervención solicitada, polo impacto que causa sobre o ben obxecto de protección, se ben no parágrafo seguinte indícase o que se transcribe: "No caso de atopar unha posición na que puidesen ser autorizadas as novas sepulturas, a solicitude correspondente debería vir acompañada do correspondente permiso do Bispado de Lugo, como propietario dos terreos nos que se pretenden executar as obras".

4. En consecuencia, o día 29 de outubro de 2012, o promotor desta intervención presenta "Anexo a proxecto básico e de execución: (Nº exp. 2012/210) construción de dúas sepulturas baixo terra", asinado por Ana Pazos Bernárdez, arquitecta técnica, en outubro de 2012, na memoria da que se indica que:

"Se modifica el emplazamiento de las sepulturas según indicaciones del obispado de Lugo

(...)

Se reduce la altura del frontón para minimizar el impacto visual de éste sobre el muro de mampostería que cierra el atrio de la iglesia.

Se propone el acondicionamiento del terreno sobrante entre el extremo de las sepulturas y el muro de mampostería. De unos 46 cm. de ancho en la misma piedra granítica para facilitar su mantenimiento".

INFORME TÉCNICO:

5. O solo onde se pretende ampliar o cemiterio, según o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, presenta as seguintes condicións urbanísticas:

- Clasificación do Solo: SOLO NON URBANIZABLE segundo o Plan Xeral

de Ordenación Municipal de Silleda e SOLO RÚSTICO según a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e a Lei 15/2004, do 29 de decembro, de Modificación da Lei 9/2002.

6. De acordo co establecido na citada Lei, rexen as determinacións aplicables ó Solo Rústico de Protección Ordinaria.

7. No artigo 33.2.g), reflíctense como usos en solo rústico as: "Construcións e instalacións para equipamentos e dotacións que deban localizarse necesariamente no medio rural, como son: os cemiterios, as escolas agrarias, os centros de investigación e educación ambiental e os campamentos de turismo, e pirotecnias". Dito uso determínase como autorizable pola Comunidade Autónoma no artigo 36.2. Porén, neste caso trátase da construción dunha soa sepultura subterránea dentro do límite do recinto do cemiterio, sen ampliarse o seu recinto nin aumentarse o volume. De ahí que este técnico entende que non sexa necesaria a autorización autonómica para esta actuación.

8. Polo que respecta ás condicións xerais das edificacións no solo rústico, definidas no artigo 42 da citada Lei, encóntranse xustificadas na memoria do proxecto, apartado 4.3 a 4.5. Tamén consta a xustificación do art. 104.

9. Canto á tramitación ambiental, este departamento solicitou recentemente consulta ao departamento de Avaliación Ambiental da Consellería de M.A.T.I. sobre necesariedade de avaliación de incidencia ambiental da ampliación do cemiterio de Lamela, que pasaba de 124 a 140 panteóns; consulta á que o citado servizo respostou o seguinte: "(...) só estará sometida ao procedemento de avaliación ambiental se constitúe unha modificación substancial da actividade principal de cemiterio xa en funcionamento". Extrapolando o caso mencionado ao que é obxecto deste informe técnico, este facultativo entende que non é obrigatoria a avaliación de incidencia ambiental para esta actividade.

10. Canto á prelación de licenzas ou outras autorizacións que establece o artigo 196 LOUGA, cómpre sinalar que se precisarán as seguintes:

10.1 Autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

10.2 Notificación favorable a proxecto da Delegación Territorial da Consellería de Sanidade.

10.3 Consta na documentación presentada (punto 5.1 da memoria) copia da autorización do Obispado de Lugo expedida o 6 de setembro de 2012.

Por todo o indicado, e tendo en conta os informes sectoriais sinalados no punto 8 deste informe, visto que se dá cumprimento á normativa urbanística, INFÓRMASE FAVORABLEMENTE a solicitude para a concesión de licenza municipal de obra e provisional de actividade, con arreglo ás indicacións que se sinalen nas

autorizacións e informes sectoriais citados no punto 8.”

RESULTANDO: Que recibido escrito da Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade -delegación Territorial de Pontevedra-, de data 13 de decembro de 2012, con Rexistro de Entrada no Concello nº 6677, de data 18 de decembro de 2012, notifica resolución que literalmente dí:

*“Esta Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade, á vista do informa favorable emitido pola xefa da sección de Sanidade Ambiental desta Xefatura Territorial; resolve **INFORMAR FAVORABLEMENTE** o seu proxecto. **Unha vez rematada-las obras, e antes da posta en funcionamento, deberá comunicalo a esta xefatura territorial co gallo de realiza-la visita de inspección e obte-la preceptiva autorización de apertura e funcionamento.**”*

RESULTANDO: Que recibido escrito da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural - Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 30 de xaneiro de 2013, con Rexistro de Entrada no Concello nº 522, de data 01 de febreiro de 2013, no que notificase resolución do Director Xeral de Patrimonio Cultural, de data 29 de xaneiro de 2013, Nº Expte. 2012/210 que literalmente dí:

"RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL POLA QUE SE AUTORIZA A REALIZACIÓN DE OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE DÚAS SEPULTURAS NO CEMITERIO PARROQUIAL DE SAN MARTIÑO DE VILAR, NO CONCELLO DE SILLEDA.

ANTECEDENTES

- 1 José García Pichel solicitou autorización para a realización de obras de construción de dúas sepulturas no Cerniterio'Parroquial de San Martiño de Vilar, situado no Concello de Silleda.*
- 2 En xuño de 2012 a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural non autorizou a construción das sepulturas sobre terra polo impacto que estas causan sobre o ben obxecto de protección.*
Na nova documentación presentada modifícase o emprazamento das dúas sepulturas, dispoñéndose estas no extremo dunha ringleira xa existente de enterramento afastadas da zona de acceso ao adro da igrexa, e como o terreo nesta zona esta en pendente, estes vanse escalonando para adaptarse ao terreo.
Tamén reducen a altura do frontón para minimizar o impacto visual deste sobre o muro de peche do recinto, tendo o novo frontón unha altura similar ás dos pequenos frontóns que teñen as lápidas desa ringleira do cemiterio.

- 3 *A Subcomisión de Conservación do Patrimonio Histórico, Artístico e Documental da Igrexa Católica en Galicia, órgano asesor da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en materia de patrimonio cultural, reunida en sesión ordinaria o día 17 de xaneiro de 2013, despois de ter vistos os informes dos servizos técnicos, acordou informar favorablemente a solicitude de referencia.*

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- 1 *Lei 8/1995, do 30 de outubro, de patrimonio cultural de Galicia.*
- 2 *Lei 16/1985, do 25 de xuño, de patrimonio histórico español.*
- 3 *Convenio de colaboración entre a Igrexa Católica e a Xunta de Galicia de 5 de xuño de 1985, para a conservación e fomento do patrimonio artístico e documental da Igrexa Católica en Galicia.*
- 4 *A lexislación vixente sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana, en relación coa protección e a conservación do patrimonio cultural.*

De acordo con todo o indicado, e no exercicio das competencias que teño atribuídas en virtude do decreto 45/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,

RESOLVO

Autorizar a intervención solicitada xa que a nova proposta dáse resposta ao requirido na resolución anterior, de data 29 de xuño de 2012, desta dirección xeral."

A Xunta de Goberno Local, acorda a concesión da licenza de obra solicitada, e a licenza provisional de actividade, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que no seu informe, sinala o Arquitecto Asesor Técnico municipal, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e a Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade, non podendo comezar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licenza definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos termos desta licenza.

4.8.- Corrección de erros. Acordo da Xunta de Goberno Local do 14-01-13. Licencia de Obra e provisional de actividade: José Luis Bascuas Gómez

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local do 14 de xaneiro de 2013 de concesión da licenza de obra solicitada, e a licenza provisional de actividade, a José Luis Bascuas Gómez para Cobertizo para garda de maquinaria agrícola a

situar en **Porta- Piñeiro, nº 21, Piñeiro (Silleda).**

Advertido erro no titular da licenza (sendo correcto José Luis Bascuas Gómez en representación de SERVICIOS AGROINDUSTRIALES BASCUAS, S.L.) a Xunta de Goberno Local acorda correxir o erro no acordo correspondente da Xunta de Goberno Local de data 14-01-13, de acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por decreto de 4 de xullo de 2011, resultando aprobado por unanimidade dos presentes, este acordo:

Visto o expediente instruído a instancia de José Luis Basucas Gómez, en representación de SERVICIOS AGROINDUSTRIALES BASCUAS, S.L., mediante escrito de data 14 de novembro de 2012 (Rexistro de Entrada nº 6013 de data 15.11.12).

RESULTANDO: Que con data 9 de abril de 2013, Juan Carlos Peteiro Rodríguez emite informe xurídico manifestando conformidade co informe do arquitecto asesor técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, de data 9 de abril de 2013, segundo así consta no informe técnico

RESULTANDO: Que con data 9 de abril de 2013, polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, emítese informe técnico favorable no que se sinala:

“

<i>Solicitante</i>	<i>José Luis Bascuas Gómez en representación de SERVICIOS AGROINDUSTRIALES BASCUAS, S.L.</i>
<i>Data da rexistro</i>	<i>15.NOV.2012 N° 6013 Data escrito 14.NOV.2012</i>
<i>Obra</i>	<i>Cobertizo para garda de maquinaria agrícola</i>
<i>Tipo de obra</i>	<i>Maior</i>
<i>Emprazamento</i>	<i>Porta- Piñeiro, nº 21, Piñeiro</i>
<i>Referencia Catastral</i>	<i>36052D503003130000XO</i>
<i>Autor do Proxecto</i>	<i>José Pereiras Sánchez, arquitecto técnico col. PR210</i>
<i>Proxecto</i>	<i>Básico e de execución. Visado polo Colexio Oficial 13.NOV.2012</i>
<i>Dirección de Obra</i>	<i>n/d</i>
<i>Oficio de Dirección</i>	



<i>Dirección de Execución</i>	<i>José Pereiras Sánchez, arquitecto técnico col. PR210</i>		
<i>Oficio Direc. Execución</i>	<i>Visado polo Colexio Oficial 13.NOV.2012</i>		
<i>Exposición pública</i>	<i>BOP</i>	<i>DOGA</i>	<i>Prensa</i>
<i>Orzamento (P.E.M.)</i>	<i>42.315,55€</i>		

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 *TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).*
- 2 *LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).*
- 3 *Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro*
- 4 *Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.*
- 5 *Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en vivenda e solo.*
- 6 *Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da L.9/2002*
- 7 *Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.*
- 8 *R XU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).*
- 9 *RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).*
- 10 *Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.*
- 11 *Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.*
- 12 *Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica en Galicia.*
- 13 *Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia*
- 14 *R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.*
- 15 *Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia*
- 16 *Planeamento do Concello de Silleda*
 - 16.1 *Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.*
 - 16.2 *M.P. Parque Empresarial Área 33. aprobado definitivamente o 22/10/1991*
 - 16.3 *M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). aprobado definitivamente o 11/05/1995*
 - 16.4 *M.P. PXOU en Bandeira, reduccion do ancho Rua Num 5 (apartado 2). aprobado definitivamente o 11/05/1995*
 - 16.5 *M.P. PXOU na zona do Centro de Saude. aprobado definitivamente o*

07/03/2002

16.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). aprobado definitivamente o 07/03/2002

16.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. aprobado definitivamente o 08/04/2002

16.8 .P. Parque Empresarial Área 33. aprobado definitivamente o 22/10/1981

16.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. aprobado definitivamente o 07/03/2002

16.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. aprobado definitivamente o 27/03/2007

16.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. aprobado definitivamente o 15/05/2012

16.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012

16.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado inicialmente o 18/12/2012

17 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. Amósaseme para a redacción de informe a solicitude asinada por José Luis Bascuas Gómez, presentada con R.E. 6013 de 15.NOV.2012. Aporta dúas copias de proxecto técnico asinado por José Pereiras Sánchez, arquitecto técnico col. PR210.

2. O proxecto conta coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licencia municipal de obras. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte:

INFORMETÉCNICO:

3. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como **Solo rústico**.

4. O uso que se pretende, segundo se desprende na memoria, é o seguinte:

"el uso característico de la edificación es agrícola, dado que se pretende destinara a cobertizo para guarda de maquinaria y utensilios agrícolas pertenecientes a una explotación con implantación territorial"

5. *O uso solicitado é permitido neste solo, segundo os artigos 33 e 36 da LOUGA, mediante licenza municipal sen necesidade de autorización autonómica previa.*

6. *Canto á tramitación ambiental, esta actividade encádrase dentro do Decreto 133/2008, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental. no **Anexo III, actividades excluídas** do procedemento de avaliación ambiental, punto 1.3 "1.3. Actividades de almacenamento de equipos e produtos agrícolas, sempre que non contén con sistemas de refrixeración e/ou sistemas forzados de ventilación, que como máximo conteñan 2.000 litros de gasóleo ou outros combustibles."*

7. *O proxecto presentado non contradi os **parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito.***

8. *De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura na memoria técnica.*

9. *Segundo o indicado no artigo 196 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, non se observa, salvo erro ou omisión involuntarios, a necesidade de recabar informes sectoriais ou autorización autonómica ao abeiro do establecido no artigo 41 da mesma para esta solicitude.*

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradi a Normativa urbanística vixente, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude, e propónse para a concesión de licenza municipal de obra e provisional de actividade, sempre que o combustible acumulado non supere a cantidade de 2000 litros."

A Xunta de Goberno Local, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade**, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que no seu informe, sinala o Arquitecto Asesor Técnico municipal, non podendo comenzo a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos termos desta licencia.

4.9.- Licencia de Obra e provisional de actividade: David García Lázara en representación de GANADERÍA SIADOR, S.C.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes **acorda:**

Visto o expediente instruído a instancia de David García Lázara en representación de GANADERÍA SIADOR, S.C. mediante escrito de data 15 de febreiro de 2013 (Rexistro de Entrada nº 823 de data 15.02.13), para ampliación de explotación de gando vacún de leite, no lugar de Siador, nº 13, parroquia de Siador (Silleda), segundo proxecto do enxeñeiro técnico agrícola José Rodríguez Blanco.

RESULTANDO: Que con data 9 de abril de 2013, Juan Carlos Peteiro Rodríguez emite informe xurídico manifestado conformidade co informe do arquitecto asesor técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, de data 9 de abril de 2013, segundo así consta no informe técnico

RESULTANDO: Que con data 9 de abril de 2013, polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, emítese informe técnico favorable no que se sinala:

“

<i>Solicitante</i>	<i>David García Lázara en representación de GANADERÍA SIADOR, S.C.</i>		
<i>Data da rexistro</i>	<i>15/02/2013</i>	<i>Nº 823</i>	<i>Data escrito 15/02/2013</i>
<i>Obra</i>	<i>Ampliación de explotación de vacún de leite</i>		
<i>Tipo de obra</i>	<i>Maior</i>		
<i>Emprazamento</i>	<i>Lugar de Siador nº 13, Siador. Silleda</i>		
<i>Referencia Catastral</i>	<i>36052N501002660000IK (polígono 501, parcela 266 do Catastro)</i>		
<i>Autor do Proxecto</i>	<i>José Rodríguez Blanco, enxeñeiro técnico agrícola, colexiado nº 456 do COITA Lugo</i>		
<i>Proxecto</i>	<i>Básico e de execución. Visado polo Colexio Oficial o 04/02/2013, nº 20130041</i>		
<i>Dirección de Obra</i>	<i>n/d</i>		
<i>Oficio de Dirección</i>			
<i>Dirección de Execución</i>	<i>n/d</i>		
<i>Oficio Direc. Execución</i>			
<i>Exposición pública</i>	<i>BOP</i>	<i>Prensa</i>	



Orzamento (P.E.M.) 8.435,14 € PEM segundo Mbc ano 2010: 14.578,24 €

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 *TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).*
- 2 *LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).*
- 3 *Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro*
- 4 *Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.*
- 5 *Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en vivenda e solo.*
- 6 *Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da L.9/2002*
- 7 *Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.*
- 8 *R XU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).*
- 9 *RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).*
- 10 *Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.*
- 11 *Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.*
- 12 *Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica en Galicia.*
- 13 *Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia*
- 14 *R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.*
- 15 *Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia*
- 16 Planeamento do Concello de Silleda
 - 16.1 *Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.*
 - 16.2 *M.P. Parque Empresarial Área 33. aprobado definitivamente o 22/10/1991*
 - 16.3 *M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). aprobado definitivamente o 11/05/1995*
 - 16.4 *M.P. PXOU en Bandeira, reduccion do ancho Rua Num 5 (apartado 2). aprobado definitivamente o 11/05/1995*
 - 16.5 *M.P. PXOU na zona do Centro de Saude. aprobado definitivamente o 07/03/2002*
 - 16.6 *M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). aprobado definitivamente o 07/03/2002*
 - 16.7 *M.P. PXOU na zona Feira Internacional. aprobado definitivamente o 08/04/2002*
 - 16.8 *.P. Parque Empresarial Área 33. aprobado definitivamente o 22/10/1981*

16.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. aprobado definitivamente o 07/03/2002

16.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. aprobado definitivamente o 27/03/2007

16.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. aprobado definitivamente o 15/05/2012

16.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012

16.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado inicialmente o 18/12/2012

17 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. Amósaseme para a redacción de informe a solicitude asinada por David García Lázara, presentada con R.E. 823 de 15/02/2013. Aporta dúas copias de proxecto técnico asinado por José Rodríguez Blanco, enxeñeiro técnico agrícola, colexiado nº 456 do COITA Lugo. O proxecto consiste basicamente na ampliación dunha superficie de 67,40 m² con unha canle de purín de 10,40 x 1,00 x 1,00 (punto 1.3.1 da memoria do proxecto).

2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 16.13 da normativa de aplicación deste informe técnico. No acordo de aprobación establécese o seguinte réxime de suspensión de licenzas:

"(...)

E como consecuencia acórdase suspender a concesión de licencias en aplicación do artigo 77, 2º da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia:

O acordo de aprobación inicial dos instrumentos de ordenación determinará, por si solo, a suspensión do procedemento de outorgamento de licencias naqueles ámbitos do territorio obxecto de planeamento cuxas novas determinacións supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente; a estes efectos, determinarase expresamente las áreas afectadas por la suspensión.

A suspensión determinada pola aprobación inicial terá unha duración máxima de dous anos a contar de dita aprobación e en calquera caso extinguirase coa aprobación definitiva do planeamento.

Segundo o informe verbal do arquitecto asesor do concello Lino Doportó Framil na sesión da Comisión especial de Contas e Informativa de Economía, Facenda, Réxime Interior, Urbanismo,

Medio Ambiente e Medio Rural de 14 de decembro de 2012, acórdase que procede a suspensión de licencias de obra maior en todo o término municipal, salvo:

- No Polígono Industrial Área 33 (fases A e B).*
- En solo rústico, en canto á ampliación de estabulacións existentes da Disposición Transitoria Decimoprimeira da L.9/2002 LOUGA."*

3. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte:

INFORME TÉCNICO:

*4. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como **Solo rústico**.*

5. O promotor conta con recoñecemento da existencia da explotación a día 1 de xaneiro de 2003, concedida en Xunta de Goberno Local do Concello de Silleda de día 7 de outubro de 2004, na que se recoñecen as seguintes construcións:

- 5.1 Edificación destinada a **establo**, cunha superficie construída total de **665,45 m²** en planta baixa.*
- 5.2 Edificación destinada a **palleira**, cunha superficie construída total de **134,95 m²** en planta baixa.*
- 5.3 Edificación destinada a **pozo de purín**, cunha superficie construída total de **43,04 m²** en planta baixa.*
- 5.4 Edificación destinada a **leitería**, cunha superficie construída total de **18,33 m²** en planta baixa.*

6. Segundo a disposición Transitoria Décimo primeira "Explotación e instalacións de apoio á actividade agropecuaria e serradoiros existentes" da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio rural de Galicia e posteriores modificacións:

(...)

2. Así mesmo, poderá permitirse, logo da obtención de licenza urbanística municipal, a ampliación das construcións destinadas á explotación ou ao

apoio á actividade agropecuaria, mesmo en volume independente, cumprindo as condicións de edificación establecidas no artigo 42 desta lei e no planeamento urbanístico vixente, excepto no que se refire ás condicións de parcela mínima edificable, recuamentos, ocupación e volume máximos, distancias mínimas a vivendas e a asentamentos de poboación. (...)
En todo caso, deberá manterse o estado natural do terreo, ou con plantación de arboredo ou especies vexetais, como mínimo, nun terzo da superficie da parcela.

7. Con respecto á avaliación ambiental das obras, a xuízo do técnico que subscribe, esta actividade está exenta da súa tramitación, posto que se engloba dentro do disposto na D.A. segunda do Decreto 133/ 2008 polo que se regula a Avaliación de Incidencia Ambiental, ao **non tratarse de "modificación substancial"** definida no artigo 3 do mesmo decreto, casos que se recollen a continuación:

- a) Un incremento superior ao 50% da capacidade produtiva da instalación.*
- b) Un incremento superior ao 50% das materias primas empregadas no proceso produtivo.*
- c) Un incremento do consumo de auga ou enerxía superior ao 50%.*
- d) Un incremento superior ao 25% das emisións de contaminantes atmosféricos ou a implantación de novos focos de emisión catalogados.*
- e) Un incremento superior ao 50% da vertedura de augas residuais.*
- f) A produción de residuos perigosos ou o incremento do 25 % do seu volume no caso de estar inicialmente previstos.*
- g) O incremento nun 25% dalgún ou da suma do total de contaminantes emitidos.*
- h) A incorporación ao sistema de produción ou o seu aumento por enriba do 25% de substancias perigosas, reguladas polo Real decreto 1254/1999, do 16 de xullo, polo que se establecen medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas.*

8. Tal como se menciona no punto 1.3.1 da memoria do proxecto, as obras que se pretenden non encadran en ningún dos casos sinalados no punto anterior, polo que se conclúe que estarán exentos de tramitación de avaliación de incidencia ambiental.

9. O proxecto presentado non contradí os **parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito.**

10. O proxecto presentado xustifica o cumprimento do establecido no **Documento Básico Seguridade en caso de Incendios, DB-SI**, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

11. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase inadecuado, o orzamento que figura na memoria técnica. Aplicando os



módulos básicos do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia do ano 2010, de 520,00 €/m², para un coeficiente de tipo edificatorio, *ct*, e un coeficiente de tipo de uso *cu*, multiplicado por 0,9 como corresponde ao Concello de Silleda, obtéñense os valores que se indican a continuación:

Cálculo de presuposto de execución material

	Nº	Sup	€/m ² C _e	Tipo de obra	C _t	Tipo de uso	C _u	C _x	
Planta baixa	1	67,6	5201,28	Edificación illada (4 fachadas). Vivenda unifamiliar illada. Sotos a partir do 3º.	1	Almacéns e naves industriais. Instalacións deportivas descubertas Naves. Granxas, Cobertizos. Depósitos, Bancadas Panteóns (por nicho)	0,3	0,9	14.578,24 €
TOTAL		67,6 m ²							PEM: 14.578,24 €

12. Segundo o indicado no artigo 196 da Lei do Solo de Galicia, *Prelación de licencias e outros títulos administrativos*, a xuízo deste arquitecto, non se observa, salvo erro ou omisión involuntarios, a necesidade de recabar informes sectoriais ou autorización autonómica ao abeiro do establecido no artigo 41 da mesma para esta solicitude.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradi a Normativa urbanística vixente, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude, e propónse para a concesión de licencia municipal de obra e provisional de actividade.

Porén, non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

1. *Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras."*

A Xunta de Goberno Local, **acorda a concesión da licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade**, **CONDICIONADA** esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que no seu informe, sinala o Arquitecto Asesor Técnico municipal, non podendo comenazar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos termos desta licencia.

4.10.- Licenza de obra e provisional de actividade: Asociación de Veciños San Miguel de Lamela.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda**:

Visto o expediente instruído a instancia De Dº José Luis Espiño Espantoso en representación da ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SAN MIGUEL DE LAMELA, solicitando Licencia para construción de panteóns no cemiterio de Lamela (Silleda), segundo proxecto do Arquitecto Técnico Dº José Pereiras Sánchez, visado polo Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos de Pontevedra o 27 de abril de 2011, e con oficio de dirección do arquitecto técnico redactor do proxecto, visado polo Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos de Pontevedra o 27 de abril de 2011.

Visto o informe emitido por Juan Carlos Peteiro Rodríguez, de data 08 de abril de 2013, sobre as licenzas solicitadas antes da suspensión de licenzas por aprobación do planeamento, do cal douse conta a Xunta de Goberno Local do 15 de abril de 2013.

Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 25 de novembro de 2011 acorda:

“6.1.1.- Examinado o expediente promovido por Dº JOSÉ LUIS ESPÍÑO ESPANTOSO, en representación da Asociación de Veciños San Miguel de Lamela, en virtude de instancia nº 1824 de data 03 de maio de 2011, solicitando Licencia para construción de panteóns no cemiterio de Lamela (Silleda), segundo proxecto do Arquitecto Técnico Dº José Pereiras Sánchez, visado polo Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos de Pontevedra o 27 de abril de 2011, e con oficio de dirección do arquitecto técnico redactor do proxecto, visado polo Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos de Pontevedra o 27 de abril de 2011

RESULTANDO: Que incorporando o informe do Arquitecto Asesor Técnico Municipal, Lino Doporto Framil, de data 24 de novembro de 2011 no que se sinala:

“NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1.1 TRLS/2008 (RDLex.2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).*
- 1.2 LOUGA(L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).*
- 1.3 Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro*
- 1.4 Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.*
- 1.5 Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en vivenda e solo.*
- 1.6 Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da L. 9/2002*
- 1.7 Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de*



- incidencia ambiental.*
- 1.8 *R XU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).*
 - 1.9 *R PU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).*
 - 1.10 *Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.*
 - 1.11 *Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.*
 - 1.12 *Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica en Galicia.*
 - 1.13 *Planeamento do Concello de Silleda*
 - 1.13.1 *M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprob. def. o 22/10/1991*
 - 1.13.2 *M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). A.def. o 11/05/1995*
 - 1.13.3 *M.P. PXOU en Bandeira, reduccion do ancho Rua Num 5 (apartado 2). A.def. o 11/05/1995*
 - 1.13.4 *M.P. PXOUna zona do Centro de Saude. A.def. o 07/03/2002*
 - 1.13.5 *M.P. PXOUna Ordenanza Reguladora do SUP(ART78). A.def. o 07/03/2002*
 - 1.13.6 *M.P. PXOUna zona Feira Internacional. A.def. o 08/04/2002*
 - 1.13.7 *P.Parque Empresarial Área 33. A.def. o 22/10/1981*
 - 1.13.8 *M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. A.def. o 07/03/2002*
 - 1.13.9 *M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. A.def. o 27/03/2007*
 - 1.13.10 *E.D.Rua Butano. A.def. o 26/01/1984*
 - 1.13.11 *E.D.Calello da Feira. A.def. o 26/01/1984*
 - 1.13.12 *E.D. Esquina Avenida do Parque. A.def. O 26/01/1984*
 - 1.14 *Concordantes*

ANTECEDENTES:

1 O día 3 de maio de 2011, José Luis Espiño Espantoso presenta solicitud e de Licencia Municipal de Obras para a construción de panteóns na Cemiterio de Lamela. Acompaña a solicitude de dúas copias de proxecto básico e de execución asinado e visado, segundo se indica no cadro superior.

INFORME TÉCNICO:

2 O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, en virtude da Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como Solo rústico. O uso do solo como cemiterio (art.33.2.g) é autorizable no solo rústico mediante Autorización Autonómica, que deberá tramitarse segundo o arto 41 da LOUGA. O proxecto dá cumprimento ás condicións urbanísticas para os cemiterios en solo rústico que establece o art. 42.

3 O mencionado cemiterio figura, entre outros, catalogado nas Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento Provincial. Por tanto, en virtude do establecido no art. 195.3 LOUGA, as obras teñen consideración de obra maior.

4 Segundo a Lei 8/1995 do Patrimonio cultural de Galicia, o cemiterio forma parte do patrimonio cultural de Galicia (art. 1.3) polo que, calquera actuación que se efectúe sobre o ámbito, deberá ter a autorización da Consellería de Cultura.

5 Con respecto á actividade de cemiterio, o Decreto 133/2008 polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, inclúe os cemiterios dentro do punto 2.12.4 do 1, Actividades suxeitas ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental. A xuízo do técnico que subscribe, a actividade de cemiterio está sometida ao procedemento de avaliación ambiental, se ben é certo que pola escasa magnitude da ampliación (16 panteóns) parece que podería encadrar dentro do Anexo II, toda vez que se trata dunha ampliación, cando no texto do Decreto figura "cemiterio". En todo caso, segundo o art. 2.2 parágrafo segundo, será a consellería competente a que se pronuncie sobre a necesidade ou non da avaliación ambiental das actividades recollidas neste parágrafo, atendendo aos criterios do Anexo II. Polo tanto, propónse dar traslado dunha copia do expediente a fin de que a citada consellería se pronuncie sobre a necesidade ou non do procedemento de Avaliación Ambiental.

6 O Artigo 53 do Decreto 134/1998, do 23 de abril, sobre policía sanitaria mortuoria, coas sucesivas modificacións, establece no artigo 53 que, previamente á autorización municipal deberá tramitarse a autorización sanitaria. "Terminada a instrución e finalizado o período de exposición, o expediente e proxecto remitiránse ao delegado provincial da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, quen, de axustarse o proxecto e o expediente á normativa sanitaria vixente, outorgará a correspondente autorización sanitaria, dando conta de dita resolución á entidade propietaria e ao concello correspondente a efectos do outorgamiento da licenza de obras". Con posterioridade, e previa á concesión da licenza de apertura das instalacións, estarase ao indicado no artigo 55 do mesmo Decreto, "Artículo 55. Autorización de apertura. Finalizadas as obras de construción ou ampliación de un cementerio, a entidade propietaria, a través do concello, comunicará ao delegado provincial da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, que ordenará a realización da visita de inspección de fin de obra ao obxecto de comprobar o cumprimento das condicións sanitarias aplicables ao caso e concederá ou non a autorización de apertura."

7 As autorizacións sectoriais precisas, segundo o artigo 196 LOUGA, que se deberán acadar previamente á concesión da licenza municipal de obras, serán as seguintes:

- 7.1 Consellería de Cultura.
- 7.2 Consellería de Sanidade. Informe previo á licenza de obras e autorización de apertura.
- 7.3 Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Servizo

de Avaliación Ambiental.

7.4 *Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Servizo de Avaliación Urbanismo.*

Polo que o técnico que subscribe. considera que o proxecto presentado non contradi a Normativa urbanística autonómica e municipal, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude, de cara á concesión de licenzia municipal de obra e provisional de actividade, previa obtención das autorizacións sectoriais pertinentes indicadas, no punto 7, para o cal, propónse dar traslado dunha copia do expediente completo, previos os trámites pertinentes, aos citados organismos."

Neste mesmo informe consta informe xurídico de data 24 de novembro de 2011, de Juan Carlos González Peteiro, de conformidade con informe técnico.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldesa, por unanimidade dos presentes, acorda:

Remiti-lo expediente completo á:

- *Consellería de Cultura.*
- *Consellería de Sanidade. Informe previo á licenzia de obras e autorización de apertura.*
- *Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Servizo de Avaliación Ambiental.*
- *Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Servizo de Avaliación Urbanismo."*

RESULTANDO: Que recibido escrito da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural - Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 23 de maio de 2012, con Rexistro de Entrada no Concello nº 2886, de data 29 de maio de 2012, no que notificase resolución do Director Xeral de Patrimonio Cultural, de data 22 de maio de 2012, Nº Expte. 2012/169 que literalmente dí:

"RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL POLA QUE SE AUTORIZA A REALIZACIÓN DE OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE 16 PANTEÓNS NO CEMITERIO PARROQUIAL DE SAN MIGUEL DE LAMELA, NO CONCELLO DE SILLEDÁ.

ANTECEDENTES

- 1 A Asociación de Veciños de San Miguel de Lamela (e/r José Luís Espiño Espantoso) solicitou autorización para a realización de obras de construción de 16 panteóns no Cemiterio Parroquial de San Miguel de Lamela, situado***

no Concello de Silleda.

- 2 *Presentan un proxecto básico e de execución de construción de 16 panteóns, redactado polo arquitecto técnico José Pereiras Sánchez e visado polo COAATEEPO con data 30/12/2011.
Formulan panteóns de 3 nichos en altura e cinceiro cada un deles.
Estes novos nichos colócanse rematando unha ringleira que existe no linde sudoeste do 2º corpo da ampliación e creando una nova fila acaroadada ao muro que separa os dous recintos, que aínda estaba sen construír.
Os novos panteóns resólvense coa mesma solución construtiva que os restos xa existentes.*
- 3 *A Subcomisión de Conservación do Patrimonio Histórico, Artístico e Documental da Igrexa Católica en Galicia, órgano asesor da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en materia de patrimonio cultural, reunida en sesión ordinaria o día 10 de maio de 2012, despois de ter vistos os informes dos servizos técnicos, acordou informar favorablemente a solicitude de referencia.*

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- 1 *Lei 8/1995, do 30 de outubro, de patrimonio cultural de Galicia.*
- 2 *Lei 16/1985, do 25 de xuño, de patrimonio histórico español.*
- 3 *Convenio de colaboración entre a Igrexa Católica e a Xunta de Galicia de 5 de xuño de 1985, para a conservación e fomento do patrimonio artístico e documental da Igrexa Católica en Galicia.*
- 4 *A lexislación vixente sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana, en relación coa protección e a conservación do patrimonio cultural.*

De acordo con todo o indicado, e no exercicio das competencias que teño atribuídas en virtude do decreto 45/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,

RESOLVO

Autorizar a intervención solicitada xa que da continuidade ao recinto de ampliación xa existente."

RESULTANDO: Que recibido escrito da Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade -delegación Territorial de Pontevedra-, de data 27 de setembro de 2012,



con Rexistro de Entrada no Concello nº 5167, de data 02 de outubro de 2012, notifica resolución que literalmente dí:

*“Esta Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade, á vista do informa favorable emitido pola xefa da sección de Sanidade Ambiental desta Xefatura Territorial; resolve **INFORMAR FAVORABLEMENTE** o seu proxecto. **Unha vez rematada-las obras, e antes da posta en funcionamento, deberá comunicalo a esta xefatura territorial co gallo de realiza-la visita de inspección e obte-la preceptiva autorización de apertura e funcionamento.**”*

RESULTANDO: Que recibido escrito do Servizo de Urbanismo, Xefatura Territorial de Pontevedra, Consellería de Medio ambiente, Territorio e Infraestructuras, de data 22 de marzo de 2013, con Rexistro de Entrada no Concello nº 2158, de data 09 de abril de 2013, no que notificase resolución da secretaría xeral de Ordenación do territorio e Urbanismo, de data 21 de marzo de 2013, Nº Expte. 2012/059 que literalmente dí:

“RESOLUCIÓN DE 21 DE MARZO DE 2013 SOBRE A SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA EN SOLO RÚSTICO PARA A CONSTRUCCIÓN DE 16 PANTEÓNS NO CEMITERIO PARROQUIAL DE SAN MIGUEL DE LAMELA. NO LUGAR DE LAMELA, DO CONCELLO DE SILLEDA(PONTEVEDRA).

EXPDTE 12/059

Logo de examinar a documentación que consta no expediente instruído ao abeiro do establecido no artigo 41 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en adiante LOUG). e á vista dos informes do Servizo de Urbanismo de Pontevedra que constan no expediente resulta:

ANTECEDENTES

1. Con data 09.04.2012 tivo entrada no rexistro do edificio administrativo de Pontevedra a remisión polo concello de Silleda do expediente administrativo municipal no que a Asociación de Veciños de San Miguel de Lamela con CIF G36188977, representada por José Luis Espiño Espantoso, con DNI 52483454-F, solicita autorización da Comunidade Autónoma en solo rústico previa á concesión da licenza urbanística municipal, para a construción de 16 panteóns no cemiterio parroquial de San Miguel de Lamela, no lugar de Lamela, no termo municipal de Silleda (Pontevedra). Coa solicitude achegan, entre outros documentos:

- unha copia do proxecto redactado polo arquitecto técnico José Pereiras Sánchez e visado o 30.12.2011;*
- unha copia do anuncio publicado no xornal Faro de Vigo o día 31.01.2012*

e da certificación da secretaria do Concello de Silleda de data 02.04.2012 do trámite de exposición pública e da non presentación de alegacións ó mesmo:

- unha copia de dezaseis documentos privados de data 13.09.2011 polos que o Bispado de Lugo outorga o usufruto de parcelas do cemiterio a outros tantos fregueses da Parroquia de San Miguel de Lamela;*
- unha copia do informe de 24.11.2011 do arquitecto municipal de Silleda no que indica que os terreos se atopan en solo clasificado como solo rústico;*
- unha copia da certificación da secretaria do Concello de Silleda do acordo da Xunta de Goberno de 25.11.2011 no que acorda a remisión do expediente a esta Consellería.*

Requirida documentación, con datas 30.10.2012, 22.11.2012, 30.11.2012 e 25.02.2013 tiveron entrada no rexistro do edificio administrativo de Pontevedra as remisións polo concello de Meis de. entre outros documentos:

- unha copia da acta de reorganización da propiedade da zona de concentración parcelaria de Cervaña-Lamela-Piñeiro de 04.03.1974 pola que se adxudica a finca nº 1257 á Igrexa Católica;*
- os documentos nos que os promotores e a propiedade se comprometen a corrixir as repercusións que produza a implantación das actuacións solicitadas na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes, a prestar as garantías que lle sexan esixidas pola Administración e a facer constar no Rexistro da propiedade a vinculación da total superficie real do predio á construción e usos autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e edificabilidade impostas polo autorización autonómica, de conformidade co disposto no artigo 42.1.a) e e) da LOUG;*
- unha copia da autorización de 22.05.2012 da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural;*
- unha copia do informe favorable de 27.09.2012 da Xefatura territorial de Pontevedra da Consellería de Sanidade;*
- un certificado do presidente da Asociación de Veciños de San Miguel de Lamela de data 10.02.2013 da capacidade de representación de José Luís Espiño Espantoso e unha copia da acta da asemblea xeral que adoptou o 27.06.2010 o acordo de construír 16 nichos novos.*

2. As obras e intervencións para as que se solicita a autorización, segundo o proxecto redactado polo arquitecto técnico José Pereiras Sánchez e visado o 30.12.2011, son as seguintes: a construción no interior do cemiterio existente de 16 panteóns dunha altura ata a cornixa de 2,81 rn. construídos con paredes de formigón armado sobre zapata e remate exterior de chapado de mármore pulido, en módulos de dúas filas e tres nichos e un cinzeiro cada un, cunha superficie total de 100,30



m2.

FUNDAMENTOS XURIDICOS

1. O planeamento vixente no concello de Silleda é o Plan xeral de ordenación municipal, aprobado definitivamente en data 04.06.1981. Segundo este, a parcela obxecto da actuación está clasificada como solo non urbanizable normal.

2. Segundo a Disposición transitoria 1ª.l.f) da LOUG, ao solo rústico clasificado polo planeamento vixente como non urbanizable ou rústico aplicaráselle integramente o disposto nesta lei para o solo rústico.

3. De conformidade co establecido no artigo 38 da LOUG, á parcela correspóndelle a categoría de solo rústico de protección ordinaria.

4. O artigo 31 da LOUG recolle o principio xeral que determina que os propietarios de solo rústico terán dereito a gozar e dispoñer deles de conformidade coa natureza e destino rústico daqueles. e establece que deberán destinalos a fins agrícolas, forestais, gandeiros, cinexéticos, ambientais, ou a outros usos vinculados á utilización racional de recursos naturais dentro dos límites que, se é o caso, e por esta orde, establezan a lexislación sectorial aplicable, esta lei, o planeamento urbanístico e os instrumentos de ordenación do territorio; solicitar autorización da Comunidade Autónoma e a oportuna licenza municipal para o exercicio das actividades previstas no artigo 33 e cumprir as obrigacións e condicións sinaladas nesta lei segundo a categoría de solo rústico, así como as maiores restricións que sobre elas imponha o planeamento urbanístico.

5. A actuación proposta. construción de 16 panteóns nun cemiterio é un uso permitido en solo rústico de protección ordinaria e forestal, no artigo 33.2.g) da LOUG en relación cos artigos 36 e 37 da mesma, como construcións e instalacións para equipamentos e dotacións que haxan de emprazarse necesariamente no medio rural: cemiterios.

Cumpre as condicións edificatorias que para os cemiterios establecen os artigos 42 e 44 da LOUG tras a modificación operada pola Lei 2/2010, do 25 de marzo (DOG nº 61, do 31 de marzo): altura máxima (2,81 m.), nº de plantas (1), distancia ao eixe das vías (6 m.) e pendente da cuberta (inferior a 30º).

Daquela a actuación proposta é autorizable.

6. A competencia para resolver as solicitudes de autorización autonómica en solo rústico correspóndelle á secretaria xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, de conformidade co establecido no artigo 41.2.e) da LOUG, en relación co disposto

no artigo 10 do Decreto 44/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Á vista do exposto, RESOLVO:

CONCEDER á Asociación de Veciños de San Miguel de Lamela, con CIF G36188977, autorización da Comunidade Autónoma para usos e actividades construtivas en solo rústico, para a construción de 16 panteóns no cemiterio parroquial de San Miguel de Lamela, no lugar de Lamela, no termo municipal de Silleda (Pontevedra), na finca nº 1257 da zona de concentración parcelaria de Cervaña-Lamela-Piñeiro, segundo os termos do proxecto redactado polo arquitecto técnico José Pereiras Sánchez e visado o 30.12.2011; coas seguintes condicións:

1. De conformidade co disposto no artigo 42.1.e) da LOUG, farase constar no Rexistro da propiedade a vinculación da total superficie real do predio á construción e uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as seguintes limitacións ao uso e edificabilidade:

- Superficie da parcela: 1.081 m²*
- Uso autorizado: cemiterio*
- Altura máxima: 2,81m.*
- Superficie construída total: 100,30 m²*

2. As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados das edificacións serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións tradicionais do contorno.

3. Esta autorización queda sometida a condición suspensiva, no que atinxe ao inicio das obras e implantación do uso, ata que se xustifique o cumprimento das obrigas establecidas no artigo 42.1.a) e e) da LOUG. Para estes efectos será suficiente que o solicitante achegue ante o concello:

- O xustificante da prestación das garantías que o concello esixa, en particular, a prestación do aval a favor de este en garantía do exacto cumprimento dos compromisos asumidos.

- A certificación expedida polo Rexistro da Propiedade da vinculación da total superficie real do predio á construción e usos autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e edificabilidade impostas por esta autorización (artigo 42.1.e) da LOUG, en relación co disposto nos artigos 51.4 e 53.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Leido solo).

4. A presente autorización outórgase sen prexuízo das licenzas e demais autorizacións esixidas por outras disposicións, particularmente a autorización de

*22.05.2012 da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e o informe favorable de
27.09.2012 da Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Sanidade."*

A Xunta de Goberno Local, acorda a concesión da licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que no seu informe, sinala o Arquitecto Asesor Técnico municipal, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, a Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade e o Servizo de Urbanismo-Xefatura Territorial de Pontevedra, non podendo comenazar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licencia.

4.11.- Declaración municipal de incursión na situación legal de fora de ordenación total según recolle na disposición transitoria terceira -edificación sen licenza da Lei 2/2010 de 25 de marzo. Solicitante: Manuel Villanueva Meda.

Visto que por **Dº Manuel Villanueva Meda** preséntase escrito de data 16 de febreiro de 2012, Rexistro de Entrada nº 715, de data 16 de febreiro de 2012, solicitando a declaración por parte do Concello de incursión na situación legal de Fora de Ordenación total según se recolle na disposición transitoria terceira - Edificación sen licenza da Lei 2/2010, de 25 de marzo, dunha edificación destinada a casetas que forman parte dun taller de pirotécnica, situada en Bazar, nº 7, Abades (Silleda).

Visto que con data 10 de abril de 2013, polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, emítase informe técnico urbanístico.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local, visto o informe técnico urbanístico, por unanimidade dos presentes acorda declarar en situación legal de fora de ordenación total segundo se recolle na disposición transitoria terceira - Edificación sen licenza da Lei 2/2010, de 25 de marzo, a seguinte edificación:**

<i>Solicitante</i>	<i>Manuel Villanueva Meda</i>			
<i>Data de rexistro</i>	<i>16/02/2012</i>	<i>Nº 715</i>	<i>Data escrito</i>	<i>16/02/2012</i>
<i>Obra</i>	<i>Inscripción no Rexistro de Fóra de Ordenación as casetas 3 e 4</i>			

<i>Emprazamento</i>	<i>Bazar, nº 7, Abades</i>
<i>Referencia Catastral</i>	<i>36052F502000850000PR (parcela)</i>
<i>Autor da Memoria</i>	<i>Roberto Lamas Díaz, Arquitecto col. 575, Arquitecto</i>
<i>Memoria</i>	<i>Sen visar (Real Decreto 1000/2010, sobre visado colegial obligatorio)</i>

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1.1 TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).
- 1.2 LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).
- 1.3 Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro
- 1.4 Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- 1.5 Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en vivenda e solo.
- 1.6 Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da L.9/2002
- 1.7 Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.
- 1.8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 1.9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 1.10 Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.
- 1.11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 1.12 Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica en Galicia.
- 1.13 Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia
- 1.14 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 1.15 Planeamento do Concello de Silleda
 - 15.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
 - 15.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprob. def. o 22/10/1991
 - 15.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). A.def. o 11/05/1995
 - 15.4 M.P. PXOU en Bandeira, reduccion do ancho Rua Num 5 (apartado 2). A.def. o 11/05/1995
 - 15.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saude. A.def. o 07/03/2002
 - 15.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). A.def. o 07/03/2002
 - 15.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. A.def. o 08/04/2002
 - 15.8 .P. Parque Empresarial Área 33. A.def. o 22/10/1981



15.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. A.def. o 07/03/2002

15.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. A.def. o 27/03/2007

15.11 E.D. Rua Butano. A.def. o 26/01/1984

15.12 E.D. Calello da Feira. A.def. o 26/01/1984

15.13 E.D. Esquina Avenida do Parque. A.def. O 26/01/1984

1.16 Concordantes

1.17 Instrucción 2/2011, do 12 de abril, para a ampliación da disposición transitoria terceira da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2001, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, sobre edificacións sen licenza.

ANTECEDENTES:

1 Vista a disposición transitoria terceira da lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, en relación as edificacións sen licenza que literalmente se transcribe:

"Sen prexuízo do disposto no artigo 213º.1 desta lei, as edificacións e construcións realizadas sen licenza ou sen a autorización autonómica preceptiva, existentes con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2003, e respecto das cales no momento de entrada en vigor desta lei transcorre o prazo legalmente establecido no seu artigo 210º.2 sen que a administración adoptase ningunha medida dirixida á restauración da legalidade urbanística ou medioambiental, quedarán incorporadas ao patrimonio do seu titular e suxeitas ao réxime previsto no artigo 103º.2 dela, coa particularidade de que as obras de mera conservación só poderán autorizarse cando se acredite a preexistencia dun uso continuado.

Para eses efectos, no prazo máximo de dous anos desde a entrada en vigor desta lei de modificación, o propietario ou a proprietaria deberá de solicitar do concello correspondente a declaración de incursión na situación legal de fóra de ordenación total, para o que achegará anexo que defina, como mínimo, a situación da edificación sobre o planeamento vixente, parcela, uso, superficie construída, número de plantas e volume, así como certificación técnica de solidez e seguridade.

Cando a edificación estea localizada en solo rústico de protección de costas, de augas ou de espazos naturais, segundo esta lei, será necesario obter o previo informe favorable da Comisión Superior de Urbanismo."

2 Xúntase coa solicitude a seguinte documentación:

1.1 Declaración responsable subscrita por Manuel Villanueva Meda, na que consta entre outros o que literalmente se transcribe:

"DECLARA BAIXO XURAMENTO,

De non ter recibido notificación do Concello de apertura de

expediente de reposición da legalidade ou sancionador."

1.2 Certificado de superficies e antigüidade, subscrito por Roberto Lamas Díaz, Arquitecto col. 575 en data 1 de marzo de 2012, e no que consta entre outros o que literalmente se transcribe:

"CERTIFICO:

(...)

b) Que estas construcciones tienen más de doce años de antigüedad, y por lo tanto me consta que son anteriores al 1 de enero de 2003."

1.3 Certificado de seguridade e solidez subscrito por Roberto Lamas Díaz, Arquitecto col. 575.

1.4 Planos de casetas 3 e 4 e parcela subscritos por Roberto Lamas Díaz, Arquitecto col. 575 en data febreiro de 2012.

1.5 Consulta descriptiva e gráfica do catastro.

1.6 Escritura de propiedade da parcela.

1.7 Xustificación da preexistencia dun uso continuado:

1.7.1 Facturas por servizos da pirotecnia de datas: 25/01/2003, 06/01/2004, 02/04/2005, 28/01/2006, 02/06/2007, 11/05/2008, 20/06/2009, 24/07/2010 e 25/07/2011

1.7.2 Informe de vida laboral do promotor expedida o 08/03/2012.

INFORME TÉCNICO:

3 O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como **Solo rústico de protección ordinaria**.

4 **Non consta, salvo erro ou omisión involuntaria, cóns medios á disposición, que exista na Oficina Técnica deste Concello expediente de reposición da legalidade urbanística algún a nome do titular, Manuel Villanueva Meda, sobre unha edificación destinada a casetas que forman parte dun taller de pirotecnia, situada en Bazar, nº 7, Abades - Silleda, con referencia Catastral nº 36052F502000850000PR (parcela).** Porén, cómpre indicar que cóns medios a disposición, só é posible efectuar a busca por nome da persoa obxecto do posible expediente, sen poder efectuar a busca por referencia catastral ou por polígono e parcela do inmovible obxecto do expediente. Por tanto, non se pode verificar que poida ou non haber expediente aberto para ese ben inmovible a nome de outra persoa.

5 Elevada consulta á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, polo que se solicitaba informe deste organismo no que se expresase que non ten aberto expediente de reposición da legalidade urbanística ou ambiental sobre estas edificacións, antes da entrada en vigor da Lei 2/2010, enviada o día 22/02/2012 con

R.S. 500, esta emite informe asinado o día 28/05/2012, recibido no Concello de Silleda con rexistro de entrada nº3101 do día 06/06/2012, segundo o que "non consta a adopción de medidas dirixidas á restauración da legalidade urbanística en relación coas obras citadas no parágrafo anterior, sen prexuízo de significarlle que as medidas dirixidas á restauración da legalidade urbanística teñen carácter "ob rem", polo que a non existencia de estas a nome dunha persoa física ou xurídica non implica a inexistencia de estas en relación cós citados bens inmobles".

6 Canto á xustificación da continuidade do uso das edificacións, emprázase aos servizos xurídicos municipais a fin de que se pronuncien sobre a suficiencia da documentación presentada.

7 Tendo en conta todo o anteriormente exposto, e visto o escrito de solicitude e a totalidade da documentación que se xunta co mesmo, **o técnico que subscribe informa favorablemente a solicitude e propón que se proceda á declaración de incursión na situación legal de fóra de ordenación total das casetas 3 e 4 solicitadas e que se sinalan**, tal como establece a D.T., terceira da Lei 2/ 2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/ 2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

4.12.- SOMETAL, S.L.U. Construcción de nave industrial para almacén de elementos de caldeiraría pesada, na parcela 2BC, mazá 10, do parque empresarial Área-33 (Silleda).

Visto o expediente promovido por Dº Juan Otero Lorenzo, en representación de SOMETAL S.L.U., en virtude de instancia de data 20 de xuño de 2011, Rexistro de Entrada nº 2628, de data 21 de xuño de 2011, para Construcción de nave industrial para almacén de elementos de caldeiraría pesada, na parcela 2BC, mazá 10, do parque empresarial Área-33 (Silleda).

Visto que con data 28 de novembro de 2012, polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, emítese informe razoado ao abeiro do art. 9 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.

Visto o acordo adoptado por esta Xunta de Goberno Local, en sesión de data 29 de novembro de 2012.

Visto o escrito do Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, de data 30 de xaneiro de 2013, rexistro de entrada no concello nº 600 de data 06.02.13, que se transcribe:

“EXPEDIENTE Nº: IA/099/2012

Ref.: AFC

Visto o expediente que se cita, solicitado por SOLMETAL, S. L. U. para a actividade de nave industrial para almacén de elementos de caldereiría pesada, en relación coa súa contestación ao requerimento efectuado por este servizo, de data 18/09/2012, apréciase que a contestación é incompleta por canto:

- a) No referente ao acordo da xunta de goberno local de 29/11/2012, suponse que por error non se recolle ningún acordo substantivo (favorable á concesión de licenza municipal adoptado pola xunta de goberno local).*
- b) O contido do “informe razoado sobre a incidencia ambiental da nova actividade no ámbito local”, a parte de apreciarse unha prolixidade no informe técnico, este deberá facer referencia expresa á posible interacción da nova actividade coas xa existentes.*

A documentación solicitada remitirase a este Servizo Provincial de Calidade e Avaliación Ambiental, nun prazo máximo de 15 días naturais; transcorridos estes, procederase ao arquivo das actuacións e devolución do expediente.”

Visto que con data 10 de abril de 2013, polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, emítese informe razoado complementario o emitido polo mesmo técnico en data 28 de novembro de 2012, que se transcribe:

“ I. O dí 28 de novembro de 2012 este arquitecto emite informe razoado ao abeiro do art. 9 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, que se transcribe a continuación:

<i>Solicitante</i>	<i>Dº Juan Otero Lorenzo, en representación de SOMETAL S.L.U.</i>		
<i>Data da rexistro</i>	<i>21/06/2011</i>	<i>Nº 2628</i>	<i>Data escrito 20/06/2011</i>
<i>Obra</i>	<i>Nave industrial para almacén de elementos de caldeirería pesada</i>		
<i>Tipo de obra</i>	<i>Maior</i>		
<i>Emprazamento</i>	<i>Parcela 2BC, mazá 10, do Parque Empresarial Área 33 de Silleda</i>		
<i>Referencia Catastral</i>	<i>n/d</i>		



<i>Autor do Proxecto</i>	Francisco Javier Canabal Fiestras, enxeñeiro técnico industrial, col. 3633		
<i>Proxecto</i>	Básico e de execución. Visado polo Colexio Oficial o 15/6/2011, nº 21101761		
<i>Dirección de Obra</i>	Francisco Javier Canabal Fiestras, enxeñeiro técnico industrial, col. 3633		
<i>Oficio de Dirección</i>	Visado polo Colexio Oficial o 17/6/2011, nº 21101797		
<i>Dirección de Execución</i>	Francisco Javier Canabal Fiestras, colexiado nº 3633		
<i>Oficio Direc. Execución</i>	Visado polo Colexio Oficial o 17/6/2011, nº 21101797		
<i>Exposición pública</i>	<i>BOP</i>	<i>nº 64</i>	<i>30/03/2012</i>
	<i>DOGA</i>	<i>nº 69</i>	<i>11/04/2012</i>
	<i>Prensa</i>		
<i>Orzamento</i>	278.264,95 €		

1. O Decreto 133/2008, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, non menciona o almacena mento de caldeirería pesada no Anexo III "Actividades excluídas do procedemento de avaliación de incidencia ambiental", Neste caso, segundo o artigo 2 "(...) estarán sometidas a este procedemento aquelas outras actividades que non estando incluídas no dito anexo I merezan a consideración de molestas insalubres, nocivas e penosas. consonte as definicións contidas no artigo 13 da Lei 1/1995, do 2 de xaneiro. de protección ambiental de Galicia'

2. En consulta elevada ante a Consellería Competente en materia de Medio Ambiente, remitida con r.s. 63 de 11.XAN.2012, sobre a procedencia ou non de ser obxecto de Avaliación de Incidencia Ambiental, esta Consellería responde (r.s. 15047 de 02.FEB.2012, r.e. Concello de Silleda nº 527 de 06.FEB.2012) que esta actividade si estaría sometida a avaliación.

3. Realizada a información pública, con anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (nº 64 de 30 de marzo de 2012), no Diario Oficial de Galicia (nº 69 do 11 de abril de 2012), no taboleiro de edictos do Concello e con notificación persoal ós veciños inmediatos, constando certificación da Secretaría Xeral do Concello de día 14 de xuño de 2012, conforme non se presentaron reclamacións contra o mesmo.

4. A recollida de residuos sólidos urbanos efectúase polo empresa CELTAPRIX, S.L.

5. *A empresa concesionario dos servizos de abastecemento de auga e saneamento é ESPINAY DELFÍN, S.L.*

6. *O proxecto técnico xustifica a normativa acústica en vigor na data da súa entrada neste Concello, según se xustifica no punto 7 do proxecto técnico.*

7. *Visto o Proxecto técnico, anexo 14, punto 3, o proxecto descrito non produce ningún tipo de emisión de gases á atmósfera. porén, tabúlanse os seguintes residuos:*

<i>CÓDIGO</i>	<i>DESCRIPCIÓN DO RESIDUO</i>	<i>PRODUCCIÓN ANUAL</i>
08.03.17	<i>Resíduos de tóner de impresión que contienen sustancias peligrosas</i>	<i>12 Kg/ano</i>
16.06.02	<i>Acumuladores de Ni- Cd</i>	<i>1 Kg/ano</i>
20.01.21	<i>Tubos fluorescentes e outros residuos que conteñen mercurio</i>	<i>1 Kg/ano</i>

Asdo.: Lino Manuel Doporto Framil, Arquitecto.

II. *O día 6 de febreiro de 2013, rexistro de entrada número 600 ten entrada requirimento da Xefatura Territorial do Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental, no que se solicita:*

a) No referente ao acordo da xunta de goberno local de 29/11/2012, suponse que por error non se recolle ningún acordo sustantivo (favorable á concesión de licenza municipal adoptado pola xunta de goberno local).

b) O contido do "informe razoado sobre a incidencia ambiental da nova actividade no ámbito local" a parte de apreciarse unha prolixidade no informe técnico, este deberá facer referencia expresa á posible interacción da nova actividade coas xa existentes,

III. *Como aclaración ao contido do informe mencionado, nas inmediacións da parcela na que se está tramitando a solicitude, só existe edificada unha nave destinada a enxeñería e caldeirería de plástico, situada ao Noroeste da parcela obxecto deste informe técnico, A xuízo do arquitecto que subscribe, poderíanse producir efectos aditivos no caso de desencadearse unha explosión en cadea e as ondas expansivas dunha nave poidan producir explosións na nave contigua. Se ben é certo que se supón a almacenaxe dos depósitos debería producirse con estes baleiros e a presión ambiente, de maneira que se minimice o risco de explosións."*

A Xunta de Goberno Local, de acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, por unanimidade dos membros presentes, **acorda informar favorablemente este expediente e remitir o mesmo o Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de M.A.T.I.**

4.13.- Licenza de obra: M^a Luisa Varela López.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes acorda:**

Visto o informe emitido por Juan Carlos Peteiro Rodríguez, de data 08 de abril de 2013, sobre as licenzas solicitadas antes da suspensión de licenzas por aprobación do planeamento, do cal douse conta a Xunta de Goberno Local do 15 de abril de 2013.

1º.- Salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, conceder a licencia que se solicita nos termos que se expresan a continuación:

- a) NOME OU RAZÓN SOCIAL DO PROMOTOR: D^a MARIA LUISA VARELA LOPEZ.
- 2. FINALIDADE DA ACTUACIÓN E USO Ó QUE SE DESTINARÁ: Sustitución da cuberta da edificación existente dedicada a vivenda e local comercial. Proxecto visado polo Colexio Oficial correspondente en data 29 de xullo de 2009.
- c) SITUACIÓN E EMPRAZAMENTO DAS OBRAS: Rúa Outeiro, n^o 3 (Silleda).
- d) TÉCNICO AUTOR DO PROXECTO E DIRECTOR DAS OBRAS: Arquitecto Técnico D^o José Pereiras Sánchez.
- e) CONTÍA NA QUE SE ORZAN AS OBRAS: 11.325,02 € (execución material).
- f) CONDICIONANTES: Os definidos no proxecto técnico, e os especificados no informe do arquitecto técnico municipal, de data 27 de agosto de 2009 que transcríbese a continuación:

Solicitante: Dona M^a LUISA VARELA LÓPEZ.

Data da solicitude: 29-xullo-2009.

Nº de rexistro: 3.646.

Obra: Sustitución da cuberta da edificación existente dedicada a vivenda e local comercial.

Emprazamento: Rúa Outeiro, n^o 3 (Silleda).

Proxecto técnico: Asinado polo arquitecto técnico don José Pereiras Sánchez e visado polo Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos de Pontevedra en data 29-xullo-2009.

Director de obra: Técnico redactor do proxecto técnico.

Oficio de dirección de obra: Sí. Visado polo Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos de Pontevedra en data 29-xullo-2009.

Orzamento: Según consta no proxecto técnico ascende a un total de 11.325,02 € (execución material).

INFORME TÉCNICO:

De acordo co establecido no artigo 195.3 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e posteriores modificacións, a OBRA solicitada considérase como MAIOR.

O solo no que está ubicada a edificación á que se lle pretenden realizar as obras ten as seguintes condicións urbanísticas:

- Clasificación do Solo: SOLO URBANO.
- Calificación do Solo: RESIDENCIAL.
- Ordenanza/Norma de aplicación: Sección 1ª - Ordenanza EDIFICACIÓN CERRADA (EC).

Según manifesta o técnico no proxecto técnico aportado:

Descrición da edificación existente: A edificación componse de dúas plantas. A estrutura da edificación que forman os teitos de ambas plantas é a base de forxados de formigón. Os cerramentos da vivenda atópanse executados a base de parede de ladrillo oco dobre, formación de cámara de aire, aloxamento de panel aillante e tabique interior de ladrillo oco dobre, tomado con morteiro de cemento, sendo o acabado exterior mediante revoco de morteiro de cemento. A cuberta da edificación confórmase a base de pontóns de madeira que se apoian nos tabiques en formación de pendentes, realizados en ladrillo oco dobre tomado con morteiro de cemento, e dúas vigas en forma de tixeira cun pendolón de madeira, situadas no centro da planta, sobre os pontóns atópase colocado un entramado de madeira que remata nun enlistonado que soporta o material de cubrición que é tella plana. A carpintería exterior é en madeira a planta baixa e en aluminio a planta alta.

Descrición da obra a realizar: Demoleranse os dous tabiques en formación de pendente que se ubican no marxe esquerdo da edificación, tamén procederase ó levantamento das dúas vigas en forma de tixeira e o pendolón de madeira. Ditos elementos portantes serán substituídos por vigas metálicas en forma de tixeira, suxietas ó forxado de formigón existente. Posteriormente procederase á colocación das correas metálicas, soldadas ás cerchas novas e apoiadas nos tabiques existentes. Finalmente realizarase a colocación do material de cubrición a base de panel sándwich en cor vermello, suxeita ós tubos metálicos mediante tornillos autoroscantes. Despois colocaranse os canalóns de aluminio para a recollida de pluviais que serán evacuadas ás

baixantes tamén de aluminio lacado en cor.

*En todo caso empregaranse materiais de iguais características que os retirados e **non se aumentará nin se modificará o volume da edificación existente.***

O artigo 3 do RD. 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, establece en qué casos o promotor ten que designar un coordinador de seguridade e saúde. Dos datos aportados na solicitude non se pode determinar se na execución da obra interveñen mais dunha empresa, ou unha empresa e traballadores autónomos ou diversos traballadores autónomos, casos nos que sería precisa a designación do coordinador por parte do promotor. En consecuencia, no momento que se produzan os supostos antes indicados, a obra deberá de contar cun técnico director e coordinador dos traballos que se pretenden, dados os riscos que deles se derivan para os traballadores e os usuarios da vía pública.

En calquera caso, segundo o artigo 18 do RD. 1627/1997, deberáse dar aviso previo á autoridade laboral competente antes do inicio dos traballos.

Instalación de aparellos elevadores (grúas torres): Non se manifesta na solicitude a necesidade de instalación de grúa torre para a realización das obras. No caso de ser precisa, deberá de aportarse a documentación esixida na normativa de aplicación na materia (R.D. 2291/85, de 8 de Novembro; RD. 836/2003, do 27 de Xuño; Orde do 13 de Maio de 1987 da Consellaría de Traballo, Industria e Turismo e Decreto 204/94, do 16 de Xuño, entre outros).

De acordo coa valoración levada a cabo polos Servicios Técnicos municipais considérase axeitado o orzamento dos traballos que se sinala na solicitude.

Polo tanto non se aprecia inconveniente para a concesión da licencia de obra solicitada, con suxección ás anteriores determinacións.

- g) **PRAZOS PARA O INICIO E TERMINACIÓN DAS OBRAS:** De acordo co determinado no PXOM de Silleda, a licencia caducará ós 6 meses da súa outorgación, caso de non dar comezo as obras. Poderá prorrogarse por un prazo igual ó anterior, de acordo co establecido no Decreto 28/99, do 21 de xaneiro, as obras finalizarán no prazo de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior a seis meses.
- h) **OUTROS:**
 - Deberá colocar en lugar visible o cartel de obras de 1x 0,70 metros cos seguintes datos: obra a realizar, promotor, situación, arquitecto, aparelador, nº de licencia e data da licencia, e debendo cumprir coas

condicións xerais e particulares establecidas na correspondente ordenanza. N° de Licencia 3646/09.

2º) Aprobar a liquidación de taxas e imposto sobre construcións que ascende a 285,81€ que deben ser ingresadas previamente nas arcas municipais.

4.14.- Licenza de obra e provisional de actividade: Mª Josefa Alonso Castro.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda:**

Licencia N° 3166/08. Visto o expediente instruído a instancia de Dª MARIA JOSEFA ALONSO CASTRO, solicitando Licencia para construción dun panteón de tres nichos, a situar no cemiterio parroquial de Carboeiro (Silleda).

Visto o informe emitido por Juan Carlos Peteiro Rodríguez, de data 08 de abril de 2013, sobre as licenzas solicitadas antes da suspensión de licenzas por aprobación do planeamento, do cal douse conta a Xunta de Goberno Local do 15 de abril de 2013.

RESULTANDO: Que con data 6 de agosto de 2008, polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, José Luis Rodríguez González, emítese informe técnico no que se sinala:

“Solicitantes: Dona Mª JOSEFA ALONSO CASTRO.

Data da solicitude: 18-xuño-2008.

N° de rexistro: 3.166.

Obra: Construción dun panteón de tres nichos.

Emprazamento: Cemiterio parroquial de Carboeiro, parroquia de Carboeiro (Silleda).

Autor do proxecto e director de obra: Arquitecto Técnico don José Pereiras Sánchez.

Orzamento: 2.611,36 € (execución material).

INFORME TÉCNICO:

1º- Consta no expediente a seguinte documentación:

- *Solicitude.*
- *Proxecto técnico (asinado polo arquitecto técnico don José Pereiras Sánchez e visado polo Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos de Pontevedra en data 5-xuño-2008).*
- *Autorización do Bispado de Lugo.*
- *Oficio de dirección técnica das obras (visado polo Colexio Oficial*

de Aparelladores e Arquitectos Técnicos de Pontevedra en data 5-xuño-2008).

2º- *O solo no que está ubicado o cemiterio parroquial ten as seguintes condicións urbanísticas:*

- *Clasificación do Solo: SOLO RÚSTICO según a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e a Lei 15/2004, do 29 de decembro, de Modificación da Lei 9/2002.*
- *Ordenanza de aplicación: Lei 912002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e Lei 15/2004, do 29 de decembro, de Modificación da Lei 9/2002.*

3º- *A igrexa parroquial de Santa María de Carboeiro atópase inventariada no Instituto de Conservación e Restauración de Bens Culturais da Consellería de Cultura, polo que as obras que se pretenden realizar no cemiterio parroquial deberán contar coa autorización de dita Consellería.*

4º- *As características sanitarias que se deben cumprir nesta obra veñen definidas no Decreto 134/1998, do 23 de abril, de Normativa de Policía Sanitaria Mortuoria, polo que ditas obras deberán contar coa autorización da Consellería de Sanidade.*

Polo que dende o punto de vista urbanístico, INFÓRMASE FAVORABLEMENTE, debendo remitirse o expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Cultura e Deporte e posteriormente á Delegación Provincial da Consellería de Sanidade, para que emitan informe previo á concesión da licencia de obra solicitada.

RESULTANDO: Que recibido escrito da Delegación Provincial da Consellería de Sanidade, de data 06 de maio de 2009, con Rexistro de Entrada no Concello nº 2256, de data 15 de maio de 2009, notifica resolución que literalmente dí:

*“Esta Delegación Provincial da Consellería de Sanidade, á vista do informe favorable emitido polos técnicos de Sanidade Ambiental desta Delegación Provincial; resolve **INFORMAR FAVORABLEMENTE** o seu proxecto. Unha vez rematada-las obras, e antes da posta en funcionamento, deberá comunicalo a esta Delegación co gallo de realiza-la visita de inspección e obte-la preceptiva autorización de apertura e funcionamento.”*

RESULTANDO: Que recibido escrito da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural - Consellería de Cultura e Deporte, de data 30 de marzo de 2009, con

Rexistro de Entrada no Concello nº 1622, de data 13 de abril de 2009, no que notificase resolución do Director Xeral de Patrimonio Cultural, de data 24 de marzo de 2009, Nº Expte. 2008/532 que literalmente di:

"RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL POLA QUE SE AUTORIZA A REALIZACIÓN DE OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUN PANTEÓN DE TRES NICHOS NO CEMITERIO PARROQUIAL DE SANTA MARÍA DE CARBOEIRO, NO CONCELO DE SILLEDA.

ANTECEDENTES

- 1 Josefa Alonso Castro solicitou autorización para a realización de obras de construción dun panteón de tres nichos no Cemiterio Parroquial de Santa María de Carboeiro, situado no Concello de Silleda.*
- 2 Pretende construír un panteón de tres nichos en formigón armado. A fachada executarase en chapa de pedra natural de 3 cm de espesor das mesmas características e cor que os panteóns construídos na mesma ringleira. As fachadas revestiranse con chapa de pedra de granito acabado abuxardado. A cuberta execútase cun recrecido de formigón para dotala da pendente necesaria e remátase cunha pintura de caucho que garanta a estanquidade. O deseño axustarase ao estipulado no Decreto 134/1998 sobre policía sanitaria mortuoria.*
- 3 A Subcomisión de Conservación do Patrimonio Histórico, Artístico e Documental da Igrexa Católica en Galicia, órgano asesor da Consellería de Cultura e Deporte en materia de patrimonio cultural, reunida en sesión ordinaria o día 12 de marzo de 2009, despois de ter vistos os informes dos servizos técnicos, acordou informar favorablemente a solicitude de referencia.*

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- 1 Lei 8/1995, do 30 de outubro, de patrimonio cultural de Galicia.*
- 2 Lei 16/1985, do 25 de xuño, de patrimonio histórico español.*
- 3 Convenio de colaboración entre a Igrexa Católica e a Xunta de Galicia de 5 de xuño de 1985, para a conservación e fomento do patrimonio artístico e documental da Igrexa Católica en Galicia.*
- 4 A lexislación vixente sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana, en relación coa protección e a conservación do patrimonio cultural.*

De acordo con todo o indicado, e no exercicio das competencias que teño atribuídas en virtude do Decreto 36/2006, do 23 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Deporte,

RESOLVO:

Autorizar a intervención solicitada.

Esta resolución dítase sen prexuízo de calquera outra autorización esixida pola lexislación vixente."

Esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade**, **CONDICIONADA** esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Delegación Provincial de Sanidade e a Dirección Xeral de de Patrimonio Cultural, non podendo comenazar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos termos desta licencia; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal.

5º.- EXPEDIENTES DO SAF NOS PROGRAMAS DE DEPENDENCIA

5.1.- Dase conta do escrito de María del Carmen Carballo Silva, en calidade de Traballadora Social do Concello de Silleda, de data 11 de abril de 2013, no que solicita a aprobación da baixa no SAF no programa de dependencia de:

Nome a Apelido	Enderezo	Motivo da baixa
Eva López Baloira	Iglesia, 43 - Escuadro	Traslado de domicilio ó concello de Lalín

A Xunta de Goberno Local, de acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, por unanimidade dos membros presentes, **acorda a aprobación desta baixa.**

5.2.- Dase conta do informe social elaborado por María del Carmen Carballo

Silva, Traballadora Social do Concello, de data 5 de abril de 2013, para expediente de comunicación de alta no SAF na modalidade de dependencia, solicitado por:

Nome a Apelido	Enderezo
Carmen García Moure	Outeiro, 10 - Breixa - Silleda

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda** a alta no SAF na modalidade de dependencia de Carmen García Moure nas condicións que figuran no informe da Traballadora Social, de data 5 de abril de 2013.

5.3.- Dase conta do informe social elaborado por María del Carmen Carballo Silva, Traballadora Social do Concello, de data 26 de marzo de 2013, para expediente de comunicación de alta no SAF na modalidade de dependencia, solicitado por:

Nome a Apelido	Enderezo
Amparo Maril Fernández	Souto, 5 - Graba - Silleda

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda** a alta no SAF na modalidade de dependencia de Amparo Maril Fernández nas condicións que figuran no informe da Traballadora Social, de data 26 de marzo de 2013.

5.4.- Dase conta do informe social elaborado por María del Carmen Carballo Silva, Traballadora Social do Concello, de data 21 de marzo de 2013, para expediente de comunicación de alta no SAF na modalidade de dependencia, solicitado por:

Nome a Apelido	Enderezo
José Vigide Criado	Iglesia, 32 - Escuadro - Silleda

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda** a alta no SAF na modalidade de dependencia de José Vigide Criado nas condicións que figuran no informe da Traballadora Social, de data 21 de marzo de 2013.

6º.- ACTA DE COMPROBACIÓN DO PROXECTO
“INSTALACIÓN DO SISTEMA DE SEGURIDADE E

**VIXIANCIA: CÁMARAS DE VIXIANCIA” NO PARQUE
EMPRESARIA ÁREA 33-SILLEDA.**

Pola Alcaldesa dase conta da Acta de Comprobación Material do proxecto “Instalación do Sistema de Seguridade e Vixiancia: Cámaras de Vixiancia” no Parque Empresaria Área 33-Silleda, correspondente ó expediente IN519B12-110, de data 10 de abril de 2013, asinada polo enxeñeiro industrial José Amor Balnco, por parte da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas e a Alcaldesa de Silleda, na que se certifica:

- Que os investimentos obxecto do proxecto se realizaron.
- Que a realización do proxecto coincide co contemplado na solicitude da axuda presentada.
- Que se cumpriron os obxectivos do proxecto.
- Así mesmo, compróbase o cumprimento en materia de información e publicidade en base a normativa comunitaria, nacional e rexional de aplicación.

A Xunta de Goberno Local queda enterada desta Acta.

**7º.- ESCRITO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE
PONTEVEDRA EN RELACIÓN Á ADXUDICACIÓN DE
BOLSAS DE PRÁCTICA LABORAL DE TÉCNICOS
SUPERIORES DE TURISMO CON DESTINO ÁS OFICINAS
DE TURISMO MUNICIPAIS DA PROVINCIA DE
PONTEVEDRA.**

Pola Alcaldese dase conta do escrito remitido polo Secretario da Deputación Provincial de Pontevedra, de data 27 de marzo de 2013, Rexistro de Entrada nº 2144, de data 08 de abril de 2013, mediante o cal notificase o acordo da Xunta de Goberno Local da Deputación Provincial, en sesión de data 22 de marzo de 2013, de adxudicación de bolsas de práctica laboral de técnicos superiores de turismo con destino ás oficinas de turismo municipais da provincia de Pontevedra, correspondéndolle a este concello unha bolsa cunha duración de 3 meses, dende o 15 de xuño, sendo a aspirante seleccionada Sandra Riádigos Cardigonde.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

8º.- ESCRITO DE Dº JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ.


Polo Tte de Alcalde, Manuel Cuiña Fernández, dase conta do escrito presentado por José Manuel Rodríguez Fernández, de data 15 de abril de 2013,


Rexistro de Entrada nº 2250, de data 15 de abril de 2013, no que expón que “na zona da Carballeira da Empanada, na área que se atopa a continuación da mesma, dentro da propiedade de Juan Ramón de Villaverde hai 2 castiñeiros, un que está seco e outro a punto de caer, así como dous castaños secos, O solicitante pretende cortalos e conta co permiso dos propietarios”, polo que solicita “se lle permita realizar a tala deste 2 castiñeiros e 2 carballos”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito á Policía Local para seu informe.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Alcaldesa levántase a sesión as catorce horas e trinta e cinco minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretario acctal (Decreto 05.04.13), dou fe e certifico.

Silleda, a 15 de abril de 2013.


Vº e Prace
A ALCALDESA,
Asdo. Paula Fernández Pena


Dou fe: O secretario acctal.
(Decreto 05.04.13)
Asdo. David García Lareo